

XEOGRAFIA · 20

FRANCISCO XOSÉ ARMAS QUINTÁ
Grupo de Investigación Socio-Territorial (GIS-T IDEGA)
Instituto Universitario de Estudios e Desenvolvemento de Galicia
Universidade de Santiago de Compostela

**EMIGRACIÓN DE RETORNO NA GALICIA INTERIOR.
O CASO DE ANTAS DE ULLA (1950-2000)**

CONSELLO EDITOR:

XOAQUÍN ALVAREZ CORBACHO

Dpto. Economía Aplicada.

MANUEL ANTELO SUAREZ

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

JUAN J. ARES FERNÁNDEZ

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

XESÚS LEOPOLDO BALBOA LÓPEZ

Dpto. Historia Contemporánea e América.

XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO

Dpto. Economía Aplicada.

JOAM CARMONA BADÍA

Dpto. Historia e Institucións Económicas.

LUIS CASTAÑÓN LLAMAS

Dpto. Economía Aplicada.

MELCHOR FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

MANUEL FERNÁNDEZ GRELA

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA

Dpto. Economía Aplicada.

LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO

Dpto. Historia Contemporánea e América.

CARLOS FERRÁS SEXTO

Dpto. Xeografía.

IGNACIO GARCÍA JURADO

Dpto. Estatística e Investigación Operativa.

Mª DO CARMO GARCÍA NEGRO

Dpto. Economía Aplicada.

XESÚS GIRÁLDEZ RIVERO

Dpto. Historia Económica.

WENCESLAO GONZÁLEZ MANTEIGA

Dpto. Estatística e Investigación Operativa.

MANUEL JORDÁN RODRÍGUEZ

Dpto. Economía Aplicada.

RUBÉN C. LOIS GONZÁLEZ

Dpto. Xeografía e Historia.

EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS

Dpto. Economía Aplicada.

XOSÉ ANTÓN LÓPEZ TABOADA

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

ALBERTO MEIXIDE VECINO

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

EMILIO PÉREZ TOURIÑO

Dpto. Economía Aplicada.

MIGUEL POUSA HERNÁNDEZ

Dpto. de Economía Aplicada.

CARLOS RICOY RIEGO

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

JOSÉ Mª DA ROCHA ALVAREZ

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Dpto. Xeografía.

XAVIER ROJO SÁNCHEZ

Dpto. Economía Aplicada.

XOSÉ SANTOS SOLLA

Dpto. Xeografía.

FRANCISCO SINEIRO GARCÍA

Dpto. Economía Aplicada.

COORDENADORES DA EDICIÓN:

-Área de Análise Económica

Juan J. Ares Fernandez

-Área de Economía Aplicada

Manuel Jordán Rodríguez

-Área de Xeografía

Rubén C. Lois González

-Área de Historia

Lorenzo Fernández Prieto

ENTIDADES COLABORADORAS

Fundación Caixa Galicia

Consello Económico e Social de Galicia

Fundación Feiraco

Instituto de Estudos Económicos de

Galicia Pedro Barrié de la Maza

Caixanova

Edita: Servicio de Publicación da Universidade de Santiago de Compostela

ISSN: 1138 - 2708

D.L.G.: C-1689-2003

ÍNDICE

Resumo	5
1. Introducción	7
2. Obxectivos	9
3. Metodoloxía	10
4. Os antecedentes bibliográficos	11
5. Xeografía humana de Antas de Ulla	17
6. A emigración a Latinoamérica	28
7. A emigración cara países europeos	34
8. A emigración cara outras comunidades autónomas españolas. Os casos do País Vasco e Cataluña	42
9. O fenómeno das multimigracións. Factores condicionantes, características e destinos implicados	49
10. Conclusións	53
11. Bibliografía	59

RESUMO:

Na presente investigación estúdiase en profundidade os impactos sociais e económicos da emigración de retorno nun concello rural da Galicia Interior, concretamente, o Concello de Antas de Ulla. A partir de fontes orais, invéstigase o proceso emigratorio neste espazo ó logo da segunda metade do S.XX, poñendo especial interese nas historias de vida dos emigrantes, os motivos polos que partiron, as dificultades, a adaptación ó país de destino, os investimentos en Galicia, os movementos de retorno, etc. Unha vez que se consuma o retorno, analízase o impacto do capital emigrante nos seus lugares de procedencia, dende o punto de vista social, económico e urbanístico.

Palabras clave: *Emigración de retorno, capital emigrante, historias de vida, xeografía social, multimigracións.*

ABSTRACT:

This research studies in depth the social and economic impacts on an inland rural town of Galicia in relation to the migrant return, in particular, the rural council area of Antas de Ulla. From first-hand sources, I have researched the migration process in this area during the second half of S.XX, with special interest in emigrant's life stories, the reasons why they left, the difficulties they found, their adaptation to the new country, the capital investment in Galicia, the return movement, etc. Once returned to Galicia, I analyze the impact of capital investment in their place of origin, from a social, economic and urban point of view.

Keywords: *Return emigration, migrant capital, life stories, social geography, multimigrations.*

1. Introducción.

A finalidade desta investigación é estudar a emigración de retorno na Galicia interior a escala local. O concello elixido para levar a cabo este estudio foi o de Antas de Ulla, e o motivo da súa elección non foi outro máis que a miña vinculación persoal, e por tratarse dun municipio rural da Galicia interior que se viu moi afectado polos movementos migratorios, sobre todo na segunda metade do S.XX. Decidín levar a cabo un estudio minucioso sobre a emigración de retorno a escala local nun período concreto, que se corresponde coa segunda metade do S.XX. O obxectivo proposto era estudar en profundidade os movementos migratorios dende un punto de vista cualitativo, tendo en conta as condicións e os motivos da saída, os destinos emigratorios, a súa duración, as súas vivencias, os motivos do retorno, os investimentos tanto nos países de destino como en Galicia, e as súas repercusións dende o punto de vista social, económico e urbanístico.

Para levar a cabo este estudio, baseime na información que proporcionaron as entrevistas en profundidade realizadas a emigrantes retornados residentes no Concello de Antas. Foi un traballo moi laborioso tanto pola propia natureza da entrevista, (xa que se tocaron moitos aspectos) como polo elevado número das que se analizaron. A propia desconfianza dos emigrantes foi un factor a ter moi en conta á hora de realizar as entrevistas, xa que era moi probable que ocultasen información valiosa para a presente investigación, como por exemplo as cuestións que facían referencia ós investimentos realizados no país de destino e en Galicia. Este factor viuse mitigado debido a que boa parte dos emigrantes entrevistados eran coñecidos e veciños meus, e a súa vez, estes servíronme de enlace para localizar a máis veciños do concello que se decidiran a probar fortuna como emigrantes noutros países. Os primeiros emigrantes entrevistados xogaron un papel moi importante de cara á localización de máis casos para entrevistar, e ó mesmo tempo axudáronme a establecer un ambiente agradable para a realización das entrevistas.

O ámbito cronolóxico estudiado xustifícase, por un lado, polas numerosas saídas de galegos na segunda metade do S.XX, ben fose para América Latina, distintos países Europeos ou cara ás comunidades autónomas españolas máis industrializadas. Polo outro, a propia filosofía desta investigación, estudar os movementos migratorios non como un proceso estatístico-documental senón mediante a voz dos protagonistas, os propios emigrantes.

En Galicia, a mediados dos anos corenta comeza a chamada *segunda oleada migratoria*, logo dun período de estancamento das saídas debido á Guerra Civil Española, e

mais á política migratoria restrictiva do goberno franquista. Ata comezos dos anos sesenta, os principais destinos eran países latinoamericanos, destacando Venezuela e Arxentina debido á boa saúde económica da que gozaban. Nos anos sesenta, os destinos europeos e tamén peninsulares comezaron a substituír ós americanos debido á oferta de emprego na Europa industrializada. Pero na década dos anos oitenta, prodúcese unha inversión das correntes migratorias na sociedade galega, nun principio a través dunha forte diminución da emigración que foi dando paso a unha auténtica corrente de retorno. Segundo Álvarez Silvar (1997), pódense establecer tres tipos de retornados: os que tiñan o retorno previsto, os que retornan forzosamente e os retornados inadaptados. Esta corrente de retorno que se ven producindo con máis intensidade dende a década de 1980, tivo e segue a ter na actualidade fortes pegadas nas distintas vilas e cidades galegas, ben sexa dende o punto de vista social, económico ou urbanístico.

Nesta investigación preséntase en primeiro lugar unhas breves anotacións acerca da xeografía humana de Antas de Ulla. Estúdase a evolución demográfica do Concello de Antas dende os anos cincuenta do S. XX ate o ano dous mil, facendo especial atención na influencia que tiveron os movementos migratorios na poboación. Tamén se expón unha análise das principais actividades económicas no concello para o mesmo período, estudiando as repercusións dos movementos migratorios e o capital emigrante nos distintos sectores de actividade. Para rematar co estudio da xeografía humana deste concello, analízase a pegada do capital emigrante no crecemento urbanismo da vila de Antas, cartografando as edificacións vencelladas á emigración de retorno.

Seguidamente preséntase os resultados da análise minuciosa das enquisas, seguindo un criterio espacial en función da elección dos destinos migratorios. Para o caso concreto dos emigrantes retornados de Antas, establecín tres grandes destinos; son o Continente Americano, os países europeos máis industrializados e finalmente as comunidades autónomas españolas máis industrializadas. A maiores engadín un cuarto caso que acuñei como o fenómeno das multimigracións, son emigrantes que por diversos motivos deciden cambiar de país de destino unha ou varias veces ó logo da súa traxectoria migratoria.

Para cada un dos destinos establecidos séguese unha liña de análise similar, que abarcan os seguintes puntos. En primeiro lugar estúdase a historia do proceso migratorio, onde se expón de forma breve o contexto histórico no que se enmarca, o período de maior auxe para cada un dos destinos e a súa decadencia, os países máis importantes en función do número de emigrantes acollidos, etc. A continuación, estúdase o perfil social, económico e

cultural dos emigrantes en función do seu destino, trantando aspectos tales como os motivos da saída, a adaptación dos emigrantes ó país de destino, as condicións sociais e laborais nas que se atopaban, os investimentos, e a cuestión das segundas xeracións, entre outros factores. Para rematar, expoño as conclusións xerais da investigación, onde se sintetizan as repercusións sociais e económicas e urbanísticas, que tiveron os movementos migratorios no Concello de Antas na segunda metade do S.XX.

2. Obxectivos.

O obxectivo principal desta investigación foi estudar a emigración de retorno a escala local, e analizar os seus efectos a nivel social, económico, e urbanístico, nun municipio rural da Galicia interior. O ámbito territorial cinguiuse unicamente ó concello lugués de Antas de Ulla, e o ámbito cronolóxico foi a segunda metade do S. XX, debido a que a fonte de recollida de información foron as entrevistas realizadas a emigrantes retornados. Tamén se xustifica a elección deste marco temporal, debido a que neste período, tiveron lugar importantes saídas de poboación, tanto para o Continente Americano, como para o europeo, e as comunidades autónomas españolas máis industrializadas. Foi tamén neste período cando se produciu un cambio de tendencia, orixinándose importantes correntes de retorno, e como consecuencia considerables transvases de capital que terían unha vital importancia na economía desta rexión. Na Galicia interior, e no caso concreto do Concello de Antas, todos estes aspectos agudízanse debido a que neste caso os movementos migratorios, tiveron unha especial incidencia, así como os de retorno coas súa correspondentes consecuencias.

Entre os obxectivos específicos están, por un lado, resaltar a forte incidencia dos movementos migratorios no Concello de Antas de Ulla, estudando os movementos de retorno, o seu novo emprazamento, a súa inserción na sociedade local, e a súa situación no mercado laboral. Polo outro, analízase e cartografíaase a pegada do capital dos emigrantes retornados no desenvolvemento económico e urbanístico da vila de Antas. Na segunda metade do S.XX, foron moitos os veciños deste concello da Galicia interior que se viron obrigados a emigrar, ben por puros motivos de subsistencia ou ben para poder aumentar os seus ingresos e aspirar a mellorar a súa calidade de vida. A medida que se ían producindo os retornos, o capital da emigración foi quedando patente tanto no desenvolvemento económico do concello, como no crecemento urbanístico da vila de Antas.

É a miña intención conseguir que os resultados desta investigación poidan servir para tomar conciencia da importancia que pode ter o capital emigrante, sobre todo se é investido de

forma racional e proveitosa (feito que non sempre ocorre), para impulsar o desenvolvemento económico e social destes espazos.

3. Metodoloxía.

Para estudar o fenómeno da emigración de retorno no Concello de Antas, seguí as técnicas cualitativas de investigación en xeografía social de García Ballesteros (1998)¹ baseadas en entrevistas. Para levar a cabo esta investigación, realicei un total de cincuenta entrevistas a emigrantes retornados no Concello de Antas. O primeiro paso a seguir foi a localización dos emigrantes retornados, e para elo decidín facelo mediante pescudas orais. Foron amigos e coñecidos meus os primeiros emigrantes entrevistados, e os que me informaron acerca de máis emigrantes retornados no concello. Deste xeito, foise creando unha cadea na que os propios protagonistas me ían proporcionando máis casos en relación cos fluxos de retorno. Moitos destes emigrantes eran coñecidos meus, o que facía máis doado a recollida de información; nestes casos había nas entrevistas un total ambiente de confianza. Para os entrevistados que non me coñecían, decidín acudir á axuda de persoas que tiveran relación cos mesmos, e así manter sempre na medida do posible, ese ambiente de confianza para poder aportar a esta investigación a maior cantidade de datos posibles. Pero a pesar disto, é preciso ter en conta que estamos ante fontes orais, e estas teñen as súas limitacións. Por un lado hai sempre, en maior ou menor medida, unha certa carga de subxectividade na información, e polo outro, a variación na calidade e cantidade da información recollida, dependen da capacidade de colaboración por parte dos entrevistados.

Foron moitas as dificultades que se tiveron durante a fase de recollida de datos. A pesar de tratarse de persoas coñecidas, directa ou indirectamente, o fluxo de información non foi sempre o óptimo, e tiveron que deixarse de lado algúns aspectos de moito interese pola imposibilidade de obter información algunha mediante as fontes orais. É o caso do capital aforrado que posúen os emigrantes retornados nas entidades bancarias, e que podería ser investido de maneira productiva. A este respecto poderían levarse a cabo investigacións moi interesantes sobre a cuantificación do capital emigrante enviado a Galicia, o investido nos seus lugares de procedencia, e o acumulado nas entidades financeiras, o que requiriría unha investigación por si mesma.

¹ Ver García Ballesteros, Aurora (dir.): *Métodos y técnicas cualitativas en geografía social*. Barcelona: Oikos-Tau, 1998.

4. Os antecedentes bibliográficos.

Dado que esta investigación estudia a emigración de retorno na Galicia interior, decidín indagar sobre estudos feitos ó respecto, analizar os obxectivos propostos, a metodoloxía empregada, e as conclusións ás que se chegaron. O proceso de busca levouse a cabo nos fondos bibliográficos da Universidade de Santiago de Compostela, rastreando nas bases de datos, tanto por palabras chave como por autores que investigaron acerca da emigración de retorno en Galicia.

Ademáis decidín analizar outros estudos relacionados coa emigración galega, ben aqueles que facían referencia á emigración cara un destino en concreto (emigración a Europa ou Latinoamérica), ou aqueles que tratasen o fenómeno da emigración galega cun carácter xeral, e que son utilizadas como manuais de consulta en distintas ramas do ensino universitario. Os motivos que xustifican esta clasificación son por un lado, as dúas grandes correntes migratorias dos galegos, ó Continente Americano e ó Europeo, e polo outro ter unha visión xeral do que foron os movementos migratorios dos galegos ó longo do S.XX. Tendo en conta todos estes aspectos, agrupei os estudos analizados segundo un criterio temático-territorial. En primeiro lugar, os estudos de carácter xeral, nos que se analiza a emigración galega e as súas repercusións, tanto nos países de acollida como de destino; en segundo lugar, aquelas investigacións que fan referencia tanto a emigración galega cara América Latina, como ós distintos países do continente europeo; e por último, aqueles estudos específicos que tratan o tema da emigración de retorno en Galicia.

Estudios de carácter xeral.

Entre os investigadores que trataron a emigración galega, podemos citar a Jean René Bertrand. Na súa obra “A poboación de Galicia” (1992)², analiza os campos migratorios dos galegos. Estudia o declive da emigración transoceánica con dirección a países do continente europeo, e trata a emigración galega a Europa facendo fincapé na emigración a Suíza, República Federal Alemana e a Francia, debido ó volume de emigrantes galegos acollidos por estes países. Para cada un deles, fai unha evolución das saídas segundo a provincia de procedencia, o período de maior pulo emigratorio, o tipo de emigración de que se trata (carácter familiar ou individual) e o reparto dos emigrantes no país de acollida. Remata coas conclusións do que foi o balance da emigración galega a Europa.

² Ver Bertrand, Jean René: *A poboación de Galicia: estudos xeográficos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1992.

Outro dos autores que estudiou a emigración galega foi Hernández Borge. Son dous artigos nos que investiga os factores de atracción nos países de destino³ e a crise actual da emigración galega.⁴ Hernández Borge (1992) en “Factores de atracción en los países de destino”, clasifica os factores de atracción en dous grupos. Por unha parte os países nos cales son as medidas de carácter legal as que estimulan a entrada de inmigrantes, e pola outra, os países que atraen poboación debido ás boas condicións socioeconómicas das que gozan. A outra investigación de Hernández Borge (1990) “La crisis actual de la emigración gallega”, estudia de forma breve os principais destinos migratorios dos galegos, a emigración transoceánica, continental e intrapeninsular, os períodos de maior auxe para cada un dos casos, as súas características máis destacadas, os traballos desempeñados, e as causas que propiciaron o declive dos movementos migratorios para cada un dos tres destinos nomeados.

Un autor máis a destacar que investigou sobre os movementos migratorios en Galicia é Xosé Manuel Núñez Seixas.⁵ No seu ensaio “La emigración: Galicia en el mundo” (2001), mostra a importancia do fenómeno da emigración en Galicia xa dende comezos do S. XVIII, e a visión dos diversos autores contemporáneos sobre os motivos que levaron ós galegos á emigrar, os cales van dende o desequilibrio entre a poboación e recursos, ate o afán de aventura e riqueza no exterior. Este autor toca o tema da inserción laboral dos galegos que emigraron a Latinoamericana, o papel que xogaron as redes microsociais no transvase de poboación cara este continente, e a aparición de destinos moi pouco frecuentes na etapa da emigración galega cara o Continente Americano.

Son moitos os autores que escribiron sobre a emigración galega, se ben aquí non se pretende facer unha recompilación de estudos sobre esta temática, senón expoñer un esbozo daqueles que ofrezan unha visión xeral do que foi a emigración galega cunha certa perspectiva histórica.

Estudios referidos á emigración galega cara América e Europa.

Os estudos que tratan a emigración galega cara América son moi numerosos, e non se pretende nesta investigación, facer unha recompilación e análise das investigacións que fan referencia á emigración galega cara o Novo Continente, senón facer unha selección para obter

³ Ver Hernández Borge, Julio: “Factores de atracción en los países de destino”. En: Historia general de la emigración española a Iberoamérica, vol. I. Madrid: Quinto Centenario, 1992. p. 635-655.

⁴ Ver Hernández Borge, Julio: “La crisis actual de la emigración gallega”. En: Xornadas de Historia de Galicia y América, el papel de la emigración. Ourense: Diputación Provincial de Ourense, 1990. p. 99-116.

⁵ Ver Núñez Seixas, Xosé Manuel: “La emigración: Galicia en el mundo”. En: Freixanes, Víctor F. Galicia, una luz en el Atlántico. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001. p. 224-247.

unha visión global do proceso migratorio dos galegos que elixiron este destino migratorio. Escollín por tanto investigacións de autores que trataron en profundidade este tipo de migración, e especialmente aquelas nas que se estudiaba o fenómeno do retorno de emigrantes.

A primeira das obras que debe ser citada é a de Ramón Villares (1996) “Historia da emigración galega a América”.⁶ Está dividida en dúas partes, a primeira delas dedicada ós condicionantes, características e consecuencias da emigración galega; e na segunda, establece as fases da emigración galega cara América dende o S.XVI ó S.XX. A primeira destas fases correspóndese coa emigración galega na época colonial, entre os S.XVI e S.XVIII. No S.XIX distingue entre a emigración clandestina, que coincide coa primeira metade de século, e a emigración legal, que vai dende 1880 a 1930. A seguinte fase correspóndese co período de crise e exilios que vai dende 1930 a 1945, e a última delas fai referencia ó repunte da emigración galega cara América, que comprende o período entre 1946 e 1960.

Outras das investigacións que se considera destacar é a de Eiras Roel (1992), o artigo que leva por título, “La emigración gallega a las Américas en los S.XIX y XX. Nueva panorámica revisada”. Nun primeiro apartado fai unha estimación global sobre a emigración española e galega entre 1830 e 1960 e deixa en evidencia a superioridade desta última dentro do contexto español. Seguidamente analiza os países de destino dos emigrantes galegos e españois, a tipoloxía das migracións nas que o emigrante galego cara América pode enmarcarse dentro do modelo de emigrante asalariado urbano. Ferrás Sexto (2000)⁸ presenta na súa investigación “Desde Avión para Jalisco, historia y perfil socioeconómico de la emigración gallega hacia México en la segunda mitad del siglo XX”, unha aproximación ó perfil social, cultural e económico da colectividade galega procedente dos municipios ourensáns de Avión e Beariz asentada no Estado de Jalisco, en Mexico. Resalta a importancia cualitativa dos emigrantes galegos ata o punto de ser calificada como privilexada dentro das características xerais da emigración española cara este país. Segundo o autor, os galegos establecidos na cidade de Guadalajara e a súa área metropolitana, capital do Estado de Jalisco, ocúpanse en actividades de hostalería, construción e comercio de mobles. A situación socioeconómica dos galegos en Guadalajara é boa, xa que a maioría dos cabezas de familia

⁶ Ver Villares, Ramón: *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

⁷ Ver Eiras Roel, Antonio (ed. Lit.): *Aportaciones al estudio de la emigración gallega, un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992.

⁸ Ver Ferrás Sexto, Carlos: “Desde Avión para Jalisco. Historia y perfil socioeconómico de la emigración gallega hacia México en la segunda mitad del siglo XX”. En: *Semata*. Nº 11. [s.l.]: [s.n.], 2000. P. 381-394.

son empresarios, pero o seu nivel cultural salvo excepcións é baixo. Ferrás afirma que os galegos afincados en México, teñen unha forte vinculación coas súas aldeas e parroquias de orixe, caracterizando este tipo de emigración como “golondrina”; durante o inverno residen en México e no verán fano nas súas respectivas parroquias de Avión e Beariz en Galicia.

As publicacións existentes sobre a emigración galega a Europa, son pouco numerosas en comparación coa ampla produción bibliográfica que estudia a emigración transoceánica. Segundo Hernández Borge (2002)⁹, o Reino Unido é o país que conta cun maior número de traballos destacando a obra de Durán Villa (1985)¹⁰. Suíza e Alemania son os países que ocupan o seguinte posto en relación ó número de traballos analizados, sendo os principais países de destino da emigración galega cara o continente europeo. Dado que nesta investigación non se pretende analizar toda a bibliografía existente referente á emigración galega a Europa, senón expoñer unha visión xeral do que foi o proceso migratorio, decidín analizar a produción científica de tres autores que, a pesar de estudar as migracións de galegos a países europeos, a metodoloxía que empregaron e os obxectivos propostos, son considerablemente distintos. Os motivos polos que escollín estes autores, xiran entornó á intención de amosar as diferentes perspectivas no estudio da emigración galega a Europa. Os autores ós que me refiro son Durán Villa, Idelfonso de la Campa Montenegro, e Rosa María López González.

Na investigación de Durán Villa (1985) “La emigración gallega al Reino Unido”, estudia a evolución e as características da poboación galega, a súa composición por idade, sexo e estado civil e a distribución espacial dos emigrantes no país de destino e nas súas rexións de procedencia. Fai referencia tamén á normativa inmigratoria do Reino Unido e ós convenios subscritos con España. Outros dos aspectos tratados nesta investigación é a política social británica en relación á educación, vivenda e a actividade laboral da poboación galega emigrada a este país. Remata co análise dos envíos de capital dos emigrantes galegos afincados no Reino Unido. Este autor estudia a emigración a Europa dende un punto de vista cuantitativo, a partir de datos estatísticos sen entrar a analizar as vivencias dos emigrantes.

⁹ Ver Hernández Borge, Julio: “Las investigaciones sobre la emigración gallega a países europeos”. En: UNIVERSITAS: homenaje a Antonio Eiras Roel. Vol. 2. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002. p. 307-319.

¹⁰ Ver Durán Villa, F.R.: *La emigración gallega al Reino Unido*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia, 1985.

Campa Montenegro (1989)¹¹ no seu artigo “A emigración galega na América e Europa: estudio comparado”, comeza cunha breve introducción do fenómeno migratorio cara os países americanos e europeos. Neste caso tampouco entra a analizar as vivencias dos emigrantes senón que vai establecendo as principais diferencias entre as dúas correntes migratorias dende o punto de vista económico, social, cultural e político.

A investigación de Rosa María López González (1999)¹² “A emigración a Europa no Saviñao”, estudia o fenómeno da emigración dun xeito cualitativo, baseando a recollida de información en fontes orais. Trátase dun estudio en profundidade a nivel local que mediante entrevistas a emigrantes retornados, coñece a historia da emigración contada polos propios protagonistas, as súas vivencias, a adaptación ó país de destino, investimentos etc. A súa investigación componse de dous bloques diferenciados. No primeiro analiza os efectos da emigración a través da historia no concello do Saviñao, e o segundo componse a transcripción das entrevistas e o cuestionario base utilizado.

Estudios específicos sobre a emigración de retorno en Galicia.

Teño que salientar que existen poucas investigacións que estudien a emigración de retorno en Galicia. Un dos autores máis destacados que investigou sobre este tema foi Gabriel Álvarez Silvar (1997)¹³. Pódese dicir que foi o pioneiro en levar a cabo un estudio sobre os movementos migratorios de retornados en Galicia, sobre todo por non ser unha investigación de “gabinete”, senón que a base da información está na entrevista en profundidade a emigrantes retornados. Deste xeito pódese chegar a comprender cómo se producen as migracións a partir dos testemuños orais contados polos propios protagonistas, explicando como a viviron, a súa integración sociocultural e laboral nos países de destino, etc.

A obra de Silvar estudia a vida cotiá na emigración, tanto nos países americanos como nos europeos. Trata aspectos como a partida cara o país de destino e a súa instalación, o traballo e o aforro, as redes de emigrantes, o idioma (no caso da emigración europea), a cuestión dos fillos, etc. Segundo Silvar (1997) existen tres tipos de emigrantes retornados; os que teñen o retorno previsto, os forzados, e os inadaptados.

¹¹ Ver Campa Montenegro, Idelfonso de la: “A emigración galega na América e Europa: estudio comparado”. En: Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario. N. 1. [s.l]: [s.n.], 1989. p. 85-92.

¹² Ver López González, Rosa María: *A emigración a Europa no Saviñao*. Memoria de licenciatura. Director: Julio Hernández Borge. Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Xeografía, 1999.

¹³ Ver Álvarez Silvar, Gabriel: *La migración de retorno en Galicia (1970-1995)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997.

Outro dos autores que investigou a emigración de retorno en Galicia, foi Román Rodríguez González (1998)¹⁴. No seu artigo “A emigración de retorno nas pequenas cidades galegas”, expón a incidencia dos emigrantes retornados nos seus lugares de orixe, e o seu papel como estímulo de desenvolvemento para as pequenas cidades galegas. Ó mesmo tempo tamén amosa o forte impacto espacial e demográfico para as áreas rurais galegas, que foron a principal fonte de emigrantes, e que se viron afectadas por un forte proceso de despoboación e avellentamento

Noutros casos, estamos ante investigacións nas que se estudia o retorno dos emigrantes nun espazo e cuns obxectivos concretos, tales como os factores que motivaron ós emigrantes a regresar a Galicia e a súa integración social e laboral. É o caso de Iván Rodríguez Gómez e Julia Concepción Marchena Rodríguez.

O estudio de Rodríguez Gómez (1999),¹⁵ trata o retorno da emigración galega de Venezuela dende mediados do S.XX ata a actualidade, e expón os factores que motivaron o retorno deste país latinoamericano. Marchena Rodríguez (2000)¹⁶ estudia a emigración de retorno na comarca do Carballiño coa finalidade de coñecer a situación real dos emigrantes retornados e a integración social e laboral das súas familias. Utiliza un cuestionario pechado e fai unha análise estatística dos resultados obtidos.

A modo de síntese, debo dicir que son poucos os estudos que tratan o tema da emigración de retorno en Galicia. É preciso destacar aquelas investigacións que teñen a súa principal fonte de datos en entrevistas en profundidade a emigrantes retornados, que indagan sobre as súas vivencias no país de destino, o éxito ou fracaso na emigración, os seus investimentos, as segundas xeracións e o seu posible retorno, etc. No estudio sobre os movementos migratorios é frecuente que se deixen de lado ós propios protagonistas, os emigrantes, limitándose a analizar datos cuantitativos sobre o volume de emigrantes nun determinado período cronolóxico, os países de destino implicados, os períodos de maior auxe, etc.; en definitiva, investigacións de “gabinete” que non teñen en conta as propias vivencias dos emigrantes.

¹⁴ Ver Rodríguez González, Román: “A emigración de retorno nas pequenas cidades galegas”. En: Estudios Migratorios. N. 5. [s.l.]: [s.n.], 1998. p. 29-52.

¹⁵ Ver Rodríguez Gómez, Iván: “O retorno da emigración galega de Venezuela de 1948 ata a actualidade”. En: Historia Nova VI e VII: contribución dos Xoves Historiadores de Galicia. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, 1999. p. 339-352.

¹⁶ Ver Marchena Rodríguez, Julia Concepción: “Análise dos emigrantes retornados na comarca do Carballiño”. En: Espacio e políticas sociais. Vigo, Universidade de Vigo, 2000. p. 169-178.


5. Xeografía humana de Antas de Ulla.

Localización e emprazamento.

O Concello de Antas está situado no sudoeste da provincia de Lugo, e integrado na Comarca da Ulloa xunto cos concellos de Monterroso e Palas de Rei. Delimita polo oeste coa provincia de Pontevedra, cos concellos de Rodeiro e Agolada; ó norte limita con Palas de Rei, con Monterroso polo este e Taboada polo sur. Conta cunha superficie de 103,6 Km² e está a uns 45 Km da capital provincial (ver figura 1).

O Concello de Antas de Ulla está emprazado nunha cunca rodeada por elevacións montañosas que dan saída ó río Ulla no seu nacemento pola súa parte noroccidental, facendo este fronteira entre os concellos de Palas de Rei e Antas. Os cordais montañosos que a compoñen son, polo occidente a Serra do Farelo, que cos seus 956 m é o cume máis alto de toda a unidade. Máis ó sur está a Serra da Pena Forcada e o Alto do Corno, que cos seus 901 m de altitude, marcan o límite sur da conca do río Ulla. Xa no Concello de Monterroso, continúa esta unidade morfolóxica cos Montes da Vacaloura, que con aliñación suroeste-noreste conforman o límite oriental desta cunca. A parte máis setentrional componse a Serra do Carreón, con orientación norte-sur e unha altitude máxima de 798 m. Entre esta e os Montes da Vacaloura, existe unha pequena serie de elevacións de menor altitude, que con carácter residual conectan estas dúas cadeas. Débese ter en conta que o espazo que se está a estudar, está emprazado en plena Dorsal Meridiana, onde domina a tectónica de fracturas, factor a ter moi en conta para estudar a actual configuración da morfoloxía da cunca. A paixase actual é froito tanto da combinación dos materiais que a forman, como da posterior acción tectónica e fluvial.

Figura 1: Localización do Concello de Antas no contexto da provincia de Lugo e Comarca da Ulloa.



Elaboración propia a partir de: Torres Luna, María Pilar; Pazo Labrador, Alberto José. *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1994.

Sociedade e demografía.


Para levar a cabo a análise da demografía no Concello de Antas, decidín expoñer en primeiro lugar unhas breves pinceladas da súa evolución ó longo do S.XX, e de seguido, afondar nos factores que condicionaron a súa evolución na segunda metade de século, ampliando a escala de estudio a nivel parroquial, e poñendo especial atención na repercusión que tiveron os movementos migratorios neste espazo.

A poboación no Concello de Antas mantívose estable ó longo da primeira metade do S.XX, tendo en conta dous pequenos descenso entono ó ano 1910 e 1930. A explicación a esta variación poboacional está en relación coa emigración cara América Latina, cuxos destinos máis frecuentes eran Cuba e Brasil. O aumento da década dos corenta explícase polos efectos da posguerra e a actitude rixida do goberno franquista con respecto á emigración. Na segunda metade do S.XX, entono a mediados dos anos cincuenta, a poboación do Concello de Antas sofre un importante descenso; proba diso é que nesta década reduce a súa poboación case nun 20% con respecto a 1950 froito das numerosas saídas de poboación. Nos anos setenta ese decrecemento poboacional fréase debido ós efectos da crise económica mundial do ano 1973 e ó encarecemento dos prezos petrolíferos. Esta crise freou drasticamente as saídas de poboación e provocaron un importante fluxo de retorno. Pero xa a mediados dos setenta volve de novo a descender a súa poboación, se cabe con maior intensidade e manténdose esta dinámica regresiva ata os nosos días.

Foron os movementos migratorios os responsables do forte descenso da poboación na segunda metade do S.XX no Concello de Antas de Ulla e que tivo como consecuencia o avellentamento demográfico, proceso que segue agravándose co paso dos anos. Un exemplo deste forte descenso da súa poboación está na variación intercensal no período 1981-1991 na cal perde o 24,7% da súa poboación. Os responsables son por unha banda o fluxo de poboación deste concello (xente moza) cara outros concellos (cabeceiras comarcais) ou ben cara a capital provincial e pola outra, as consecuencias do forte avellentamento da súa poboación. A modo de comparación, a evolución demográfica para o conxunto da Comunidade Autónoma Galega foi moi distinta. Neste caso, apréciase un continuo e claro ascenso da súa poboación dende comezos do S.XX ata os anos cincuenta, momento en que se produce un estancamento poboacional ate a década dos anos setenta, debido ás saídas de poboación cara o Continente Americano nos anos cincuenta, e para os países europeos nos anos sesenta e setenta. Nesta última década volve aumentar sensiblemente a súa poboación froito do estancamento das saídas de poboación e a aparición dun fluxo de retorno de

emigrantes. Dende os anos oitenta ata a actualidade a poboación de Galicia mantense estancada e con tendencia ó descenso (ver figura 2).

Figura 2: Evolución da poboación no Concello de Antas e C.A. de Galicia (1900-2001).



Fonte: INE, elaboración propia (poboación de feito) a partir de datos censais.

Para facer unha estimación do volume de emigrantes que saíron deste concello (por parroquias) dende os anos cincuenta ata a actualidade, calculei o saldo migratorio mediante a diferenza da variación intercensal e o movemento natural (diferencia entre os nacementos e as defuncións). Os valores do saldo migratorio están representados na táboa 1. Na década dos anos cincuenta prodúcese un elevado número de saídas de poboación, maioritariamente cara América Latina. Nos anos sesenta esta corrente debilítase e comeza a aparecer un considerable fluxo de retorno. A decadencia da emigración cara América Latina debeuse a inestabilidade política e económica dos países americanos. A importancia da emigración na década dos anos cincuenta no Concello de Antas quedan reflectidas nos seguintes datos. Todas as parroquias rexistraron saldos migratorios negativos salvo en catro e con valores nada desprezables. As máis afectadas foron Santa Mariña do Castro de Amarante con 123 emigrantes nesta década, a de Antas e San Estevo de Castro de Amarante con 93, San Fiz de Amarante 92, etc. O saldo migratorio para o conxunto do Concello de Antas de Ulla foi de 1.394 emigrantes ó longo da década dos cincuenta, perdeu o 25,8% da súa poboación nesta década debido ós movementos migratorios.

Táboa 1: Saldo migratorio por parroquias no Concello de Antas (1950-2000).

SALDO MIGRATORIO	1950-1960	1961-1970	1971-1980	1981-1990	1991-2000
Agüela	-53	13	-26	-21	-28
Alvidrón	2	-9	-15	-13	-5
Amoexa	-87	33	-56	-31	-6
Antas de Ulla	-93	143	97	-15	-84
Arbol	-27	8	-26	-26	-1
Arcos	-6	-18	-15	-35	-10
Areas	-60	5	-21	-43	-28
Barreiro	-55	12	-19	-30	-18
Casadenaia	-69	40	-58	-56	-30
San Estevo de Castro de Amarante	-93	50	-8	-75	-28
Cervela	-62	43	-41	-32	-16
Cibreiro	-40	20	-10	-9	-22
Cutián	-76	-2	-45	-48	-27
Dorra	-79	-31	-55	-39	8
Facha	-67	0	-12	-32	-13
Olveda	-53	1	-28	-44	-46
Peibás	-78	13	-54	-57	-15
Queixeiro	-23	12	-9	-6	-21
Reboredo	-59	1	-16	-20	-19
Rial	-17	-3	-19	-29	3
San Fiz de Amarante	-92	41	-40	-61	-49
San Martiño de Amarante	-26	12	-51	-20	-21
Santa Mariña do Castro de Amarante	-123	19	-50	-79	-31
Santiso	7	-7	5	-22	-6
Senande	-47	29	-4	6	0
Terra Chá	-48	-41	9	-55	-13
Vilanuñe	13	-27	7	-30	-5
Vilapoupre	17	-60	-69	-38	-14
TOTAL	-1394	297	-629	-960	-545

Saldo migratorio = Variación intercensual – Movemento natural.

Fonte: Rexistro civil (varios anos), Concello de Antas de Ulla.

Na década dos anos sesenta a situación muda radicalmente con saldos migratorios positivos en case tódalas parroquias. Mantense elevado nalgunhas que sufriron un atraso e tiveron un saldo migratorio positivo na década precedente. É o caso das parroquias de Vilanuñe, Vilapoupre, Alvidrón e Santiso. Foi froito dun importante fluxo de retorno procedente tanto de América Latina como do continente europeo ligado ós síntomas da crise de 1973.

Nas décadas dos anos setenta e oitenta, o saldo migratorio volve a ser negativo e con valores importantes. Na década de 1970 tódalas parroquias teñen un saldo migratorio negativo salvo en catro, a de Antas que ten síntomas de permanecer activo o fluxo de retorno, por estar enclavado o núcleo urbano do concello¹⁷, a parroquia de Santiso, Terra Chá e Vilanuño. O saldo migratorio total do concello para o período 1970-1980 foi de 629 emigrantes, moito menos importante que a sangría migratoria da década dos cincuenta. Pero nos anos oitenta os valores para o saldo migratorio volven a ser negativos e en moito maior medida que na década precedente, cun total de 960 emigrantes que representa unha perda de poboación do 23% con respecto ó ano 1981.

A pesar de que a emigración ós distintos países europeos máis industrializados tende a desaparecer a mediados dos anos setenta, o fluxo migratorio no Concello de Antas segue a ser moi importante. Hai que ter moi en conta por unha parte os movementos migratorios ó resto de España, principalmente ás comunidades autónomas máis industrializadas como o País Vasco, Cataluña e Madrid. Pola outra, destacar os movementos migratorios interiores, tanto na mesma provincia como cara o resto de Galicia.

Na década dos noventa, o saldo migratorio para o Concello de Antas é de 545 emigrantes, pero esta cifra non é real xa que é froito dunha deficiencia das fontes utilizadas. Para o cálculo do saldo migratorio é preciso coñecer o movemento natural, que resulta da diferenza dos nacementos e das defuncións. Estes foron baleirados do rexistro civil do Concello de Antas e os valores das defuncións están infravalorados, sobre todo na década dos anos noventa. A infravaloración dos datos das defuncións unha vez aplicada a fórmula para o saldo migratorio¹⁸, serán cada vez máis negativos canto maior sexa a infravaloración das defuncións. Para facer unha estimación real dos movementos migratorios para o conxunto do concello só temos que coñecer cal é a infravaloración das defuncións no rexistro civil. Segundo o IGE as defuncións para o conxunto do concello no período 1991-2000 son 421 e os datos valeirados do rexistro civil son 271. Existe unha infravaloración de 150 defuncións co cal segundo a fórmula aplicada para o cálculo do saldo migratorio, estas aparecen como emigrantes. Para coñecer unha estimación real dos emigrantes para o período 1991-2000 só temos que restar o valor infravalorado das defuncións ó resultado do saldo migratorio.

Aclarada esta deficiencia nas fontes, é necesario explicar cal é a causa pola cal se produciron tantas saídas de poboación neste concello na década dos anos oitenta, xa que a emigración exterior

¹⁷ Moitos dos emigrantes retornados do Concello de Antas fano ó núcleo urbano aínda que sexan nados noutra parroquia distinta, invisten os seus aforros en negocios e construindo a súa propia vivenda.

¹⁸ Saldo migratorio = Variación intercensal – Movemento natural.
Movemento natural = N° de nacementos – N° de defuncións.

descendeu notablemente a mediados dos anos setenta co peche das fronteiras dos principais países receptores. A explicación a este fenómeno reside nos movementos interiores de poboación, a fuxida de poboación das aldeas e concellos rurais cara a capital provincial ou ben ás principais cabeceiras comarcais. O Concello de Antas en concreto, basea a súa economía no sector primario, no traballo da terra. As novas xeracións con estudos medios e superiores foxen das explotacións gandeiras dos seus proxenitores, abandonan a aldea natal (e concello) e van a traballar á capital provincial, maioritariamente no sector terciario.

Segundo o IGE, para o Concello de Antas na década dos anos 90 o saldo migratorio sen incluír a emigración ó estranxeiro foi de 170 emigrantes. Este proceso continuo de sangría migratoria que se ben producindo case ininterrompidamente dende os anos cincuenta, deu lugar a un forte proceso de avellentamento da súa poboación, con consecuencias importantes na sociedade e na economía.

Economía.

Para levar a cabo a análise económica do Concello de Antas e ver cal foi a súa evolución nas últimas décadas, baseime nos datos recollidos do censo de poboación e vivendas dos anos 1981 e 1991, no padrón municipal de habitantes e estatística de poboación do ano 1996, e na Enquisa de Poboación Activa en Galicia para o ano 2001. O primeiro factor que se debe destacar é o importante peso que tivo o sector agrario neste espazo e a súa forte redución nos últimos vinte anos. Se no ano 1981 o sector primario ocupaba ó 78,5% da poboación activa, no ano 2001 esa porcentaxe reduciuse ate o 14,8%. Esta forte redución é froito dunha constante desaparición de explotacións agrarias, cunha maior incidencia nas de menor tamaño, así como o progreviso avellentamento dos titulares das explotacións sen que exista poboación moza que se decante por continuar na actividade agraria. Pola contra, o sector terciario e secundario son os que maior crecemento experimentaron nas dúas últimas décadas, en especial o sector terciario que pasou de englobar o 14,5% da poboación activa no ano 1981 ó 53,4% no ano 2001. O sector secundario tamén percibiu un notorio crecemento pasando de ocupar un 7,1% da poboación activa no ano 1981 ó 31,3% no ano 2001. A este respecto débese destacar que neste sector de actividade, a construción ten un especial protagonismo debido a que no ano 2001 ocupaba a case o 40% da poboación activa empregada no sector secundario.

O sector primario sufriu nas últimas dúas décadas do S.XX, unha importante recesión no que se refire á porcentaxe de poboación activa que traballaba neste sector. Por unha parte, a modernización e mecanización do agro fixo que se reducise considerablemente a man de obra necesaria para a realización das tarefas do campo, e pola outra, o elevado número de

explotacións que desapareceron, sobre todo aquelas máis pequenas e menos viables economicamente; dende o ano 1962 que había neste concello 1.093 explotacións, pasaron a ser 664 no ano 1999, o que supón unha redución do 60,7% das mesmas.

O sector secundario, a pesar de incrementar o porcentaxe de poboación activa empregada, ten pouca relevancia. Se a elo lle engadimos que da poboación empregada neste sector o 40% traballa no sector da construción, a súa representatividade na economía deste espazo é escasa. Limitase a establecementos dedicados á carpintería metálica, fabricación de mobles e venta e reparación de maquinaria agrícola, estes máis numerosos debido á importancia do sector agrogandeiro¹⁹. Aínda que non poida demostrarse con datos, a miña percepción do traballo de campo mais o resultado da análise das entrevistas a emigrantes retornados, pódese establecer certa relación entre a importancia da poboación empregada na construción neste concello e o capital da emigración. Son moitas as vivendas, ben sexan unifamiliares ou edificios colectivos promovidos e financiados por capital procedente da emigración, e aínda na actualidade, ese capital segue burbullando en novas edificacións propiedade de emigrantes retornados.

O capital emigrante no urbanismo.

A evolución urbanística no casco urbano da vila de Antas dende os anos cincuenta ata a actualidade, en especial dende os anos setenta, non se pode explicar sen ter en conta a influencia do capital da emigración. Proba disto está na cartografía que adxunto do casco urbano da vila de Antas, onde se sinalan por un lado, as edificacións ligadas ós emigrantes (ver figura 3), e polo outro, os negocios ligados directa ou indirectamente ó capital emigrante, e os autóctonos (ver figura 4). A este respecto, hai que salientar que a influencia do capital da emigración foi decisiva, non só no crecemento urbano da vila de Antas, senón tamén como un motor importante no desenvolvemento económico do concello. Este feito queda xustificado na figura 4, onde se sinalan os negocios, tanto do sector servizos como industrial, ligados ó capital da emigración. No casco urbano da vila de Antas localicei corenta e tres establecementos, tanto ligados a actividades terciarias (comercios, supermercados, etc.) como industriais (talleres mecánicos, do sector da madeira, etc). De todos eles, vintetrés son única e exclusivamente de capital autóctono, e vinte están vinculados ó capital da emigración, ben sexa directa ou indirectamente. Isto da mostra da súa importancia, tanto dende o punto de vista urbanístico como no desenvolvemento económico do concello.

As actuacións urbanísticas levadas a cabo por emigrantes retornados, soen ser vivendas de planta baixa mais un andar, construídas a finais dos anos setenta e comezos dos oitenta. Estas vivendas

¹⁹ A información referida ós establecementos vencellados ó sector secundario foi recollida mediante o traballo de campo.


eran construídas con vistas a un futuro retorno, posiblemente ó acadar a idade da xubilación. Antes deste momento servíalles como segunda residencia na época das vacacións. Por outra parte, están as actuacións urbanísticas levadas a cabo por emigrantes que aínda non retornaron e que tamén construíron a súa vivenda na vila de Antas. É frecuente que no caso de emigrantes con fillos no país de destino, pasen unha tempada en Galicia e outra xunto cos seus fillos.

Tamén hai que mencionar aqueles emigrantes, retornados ou non, que deciden mercar pisos e non optan por construír vivendas unifamiliares. Puiden comprobar que algúns edificios desta vila están ocupados nunha porcentaxe elevada por emigrantes, sobre todo en edificios de recente construción, tanto por parte de emigrantes retornados como por aqueles que aínda non o fixeron. É de destacar que en ocasións os propios fillos dos emigrantes invisten na vila de Antas mercando pisos a pesar de non ter intención algunha de regresar a Galicia cos seus pais, co fin de poder pasar xunto estes o período vacacional.

Unha vez feitas estas matizacións, quero destacar un aspecto que dende o meu punto de vista resulta importante mencionar. Cando normalmente se fala da emigración de retorno en Galicia e a súa influencia no urbanismo, faise referencia ó estilo arquitectónico das súas vivendas. En moitas ocasións, o capital do emigrante, retornado ou non, faise ver en construcións cun estilo arquitectónico que non ten nada que ver co estilo tradicional do país autóctono, resultando ser unha mestura dos estilos arquitectónicos do país de destino e procedencia. No Concello de Antas este feito non ocorre, ou alomenos apenas se aprecia. Tanto no casco urbano da vila de Antas como nas aldeas rurais deste concello, non hai evidencias de que ocorra este fenómeno. Dende o meu punto de vista pode deberse ó feito de que, na maioría dos emigrantes do Concello de Antas non conseguiron facer grandes fortunas no país de destino como noutros casos, como por exemplo nos concellos ourensáns de Avión e Beariz, nos que invisten (e poden investir) unha importante suma de capital nas súas vivendas (Ferrás Sexto, 2000). Trátase en moitas ocasións dunha emigración de período curto, uns cinco anos ou menos, coa finalidade de gañar algúns cartos e logo investilos en aumentar e mecanizar as explotacións das que vivían, mercando locais na vila de Antas para abrir un negocio, ou ben construíndo as súas propias vivendas no casco urbano desta vila. Nestes casos soe emigrar un membro do matrimonio e o outro queda en Galicia ó cargo dos fillos e da explotación gandeira. Se o capital aforrado era insuficiente para poder seguir adiante, optan por volver a emigrar, nesta segunda ocasión os dous membros do matrimonio e por un período máis longo, deixando os fillos cos avós. Nestas liñas, queda xustificada a integración do capital do emigrante no desenvolvemento urbano da vila de Antas.

Figura 3: Influencia do capital dos emigrantes no entramado urbano.

Antas de Ulla. Núcleo urbano, 2000



Fonte: Elaboración propia a partir de fontes orais.

Nesta figura queda patente a forte pegada do capital da emigración de retorno no casco urbano da vila de Antas. Froito do traballo de campo e do análise en profundidade da mostra de entrevistas realizadas, puiden pescudar que moitas das vivendas unifamiliares foron construídas antes de producirse o retorno e que servían ós emigrantes para pasar a época da vacación. Noutros casos nos que o retorno está menos previsto, deciden mercar pisos en lugar de construír unha vivenda unifamiliar. Son tamén abundantes os casos nos que a pesar de mercar ou construír vivenda nesta vila, non se consumou o retorno definitivo, limitando a súa estadia a unha parte do ano ou ó período de vacacións.

Figura 4: Localización dos locais comerciais e industriais con capital autóctono e vinculados ó capital da emigración.

Antas de Ulla. Núcleo urbano, 2000.



Fonte: Elaboración propia a partir de fontes orais.

Nesta figura queda patente a influencia do capital da emigración de retorno na dinámica económica do concello. Foron moitos os veciños que tomaron a decisión de emigrar para conseguir algúns aforros, investilos mercando vivendas, e abrindo distintos negocios na vila de Antas. Estes negocios están vinculados ó sector servizos, entre eles están bares e cafeterías, supermercados, droguerías, ferraxerías e tendas téxtiles.

6. A emigración a Latinoamérica.

A emigración constitúe un dos rasgos máis característicos da sociedade galega e influíu decisivamente tanto na súa demografía, como na economía e na cultura. A emigración cara Latinoamérica ten o seu momento culminante dende a segunda metade do S. XIX, ata a década dos anos trinta no S.XX. Coa crise económica do 1929, os movementos migratorios víronse interrompidos debido á grave situación económica dos países de acollida, os cales adoptaron unha política restrictiva respecto á entrada de estranxeiros. Dende 1929 a 1946 hai un notable descenso do número de emigrantes por mor da Guerra Civil Española e á política migratoria restrictiva do goberno franquista. A partir de 1940, as cifras de saídas de emigrantes vanse recuperando, entre estas as que tiveron como destino os países latinoamericanos; é a chamada *segunda oleada migratoria*. As causas deste novo rebrote migratorio puideron ser debidas á apertura das fronteiras para a saída de emigrantes de España.²⁰ Pero a finais da década dos anos cincuenta, comezouse a rexistrar un declive irreversible da emigración a América. Este feito produciuse ó mesmo tempo que comezaban a ter certo pulo os movementos migratorios cara países europeos con gran demanda de man de obra.²¹

Dos cincuenta casos entrevistados no Concello de Antas a emigrantes retornados, sete deles emigraron a Latinoamérica. Todos partiron na década dos anos cincuenta e a duración do período emigratorio foi variable, aínda que se podería cualificar de longa a diferenza da emigración cara países europeos. Dos sete casos entrevistados, dous deles estiveron menos de dez anos no país de destino, son os casos de Alfredo V. e Saladina V. Os motivos que fixeron que estes dous emigrantes estiveran pouco tempo en relación cos demais foron os seguintes. Alfredo e a súa esposa, estaban moi contentos na cidade de Caracas, en Venezuela. O seu obxectivo era aforrar unha cantidade de diñeiro, e logo investilo en Galicia. Estaban contentos nesta cidade, pero o que adiantou o seu retorno a Galicia foi a inseguridade cidadá no país de destino. A isto sumóuselle que xa tiñan unha cantidade aceptable de diñeiro aforrado, e decidiron regresar definitivamente. Pero xa en Galicia, vendo as condicións laborais e económicas, a esposa de Alfredo suxeríulle de novo volver a emigrar, pero este non quixo.

No caso de Saladina, estivo co seu marido seis anos emigrada tamén na cidade de Caracas, en Venezuela. Tiñan unha filla que deixaran en Galicia a cargo dos avós, e isto foi o

²⁰ Ver García Domínguez, María Teresa: "Un caso atípico no proceso migratorio galego: Perú como país de destino". En: Congreso Internacional de Estudos Galegos. Sada, Edicións do Castro, 1999. P. 335-351

²¹ Ver Hernández Borge, Julio: "La crisis actual de la emigración gallega". En: Xornadas de Historia de Galicia. Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 1990. P. 99-116.

que os condicionou a retornar definitivamente. Pero a pesar disto, Saladina e o seu esposo fixeron investimentos no país de destino coa intención de pasar nel unha longa tempada. Tiñan en mente lograr unha posición económica e social estable, para logo levar con eles á súa filla. Cando a acadaron, viaxaron a Galicia para buscala pero os avós presionáronos para que quedasen, investir os seus aforros e retornar definitivamente. E así o fixeron, venderon todas as súas pertenzas en Venezuela e regresaron á vila de Antas, mercaron unha casa e abriron unha taberna na que traballaron ata que se xubiláron. Este foi o motivo que explica no caso de Saladina, a súa curta estadía no país de destino.

Nos cinco casos entrevistados restantes, a estadía no país de destino foi moi longa. Cabe citar como exemplo a entrevista realizada a Balvina V. e o seu esposo, que estiveron na cidade de Caracas corenta e un anos. Tiveron un fillo en Venezuela e aínda segue vivindo neste país na actualidade. Eles regresaron a Galicia por motivos de saúde e xa xubilados. Outro dos casos destacados que destaca pola súa longa estadía, é o de Edelmiro S., emigrante á cidade de Bos Aires en Arxentina, na que estivo trinta e seis anos emigrado.

A maioría dos casos de emigrantes a Latinoamérica, tiveron un período emigratorio longo, cunha frecuencia de visita a Galicia curta debido á distancia e o custe da viaxe. Por norma xeral, emigraba un membro do matrimonio e logo reclamaban ó que quedaba en Galicia, ou incluso se casaban por poder unha vez asentado un deles no país de destino. Proba de que esta foi unha modalidade frecuente de entrada no país de destino, está en que dos sete casos entrevistados no Concello de Antas, tres deles empregaron esta vía. Son os casos de Josefa V. que se casou por poder con José emigrado en Venezuela, Edelmiro S., e Alfredo V.

No que se refire á situación social e laboral en Galicia antes de partir, hai unha gran homoxeneidade nos casos entrevistados, tanto nos que o fixeron para América Latina como para os emigrantes que o fixeron cara países europeos. Neste punto creo que é importante destacar a desigualdade entre sexos a este respecto. No caso das mulleres, podemos dicir que a gran maioría estaban na mesma situación; axudaban nas labores do fogar, no traballo da terra e aprendían a coser. No caso dos homes, o abanico de posibilidades de emprego era maior, aínda que a súa situación económica e laboral era bastante precaria. O traballo na terra era o mais frecuente, e a isto uníase o traballo a xornal de canteiros, carpinteiros, poceiros e albaneis. A situación económica non era moi boa, e a única alternativa era a emigración. No caso das entrevistas a emigrantes cara Latinoamérica no Concello de Antas, en todos eles, o motivo que os levou a emigrar foi a escasa oportunidade de empregarse de non ser na agricultura e cuns salarios ridículos.

O motivo da elección do país de destino está condicionado pola presenza de veciños xa emigrados, ou mesmo propios familiares que se aventuraron antes a intentar acadar unha mellor posición económica e social noutros países. Dos casos entrevistados, en catro deles emigraron por mediación e axuda de amigos e veciños, ben do propio Concello de Antas ou dos limitrofes; nos outros tres casos foi por mediación directa de familiares. Isto ben a ratificar a forte tradición migratoria que ten o Concello de Antas, e a existencia de numerosas redes microsociais que favoreceron o proceso migratorio. Merece facer especial atención á entrevista a María S. Esta veciña de Antas emigrou a Arxentina co seu marido Alfredo. Este, veciño do concello de Taboada, moi próximo ó de Antas, non tivo problema algún para emigrar debido a que xa tiña dobre nacionalidade, arxentina e española. Os seus pais xa estiveran a comezos do S.XX neste país e Alfredo foi un dos fillos que naceu alí. Posteriormente regresaron todos a Galicia.

No país de destino, o que máis lles custou superar ós emigrantes foi, por un lado a familia que deixaran en Galicia, a comida, etc., e polo outro, as condicións climáticas dalgúns países latinoamericanos. No referente á familia, nun dos casos entrevistados foi o condicionante do retorno prematuro a Galicia no contexto da emigración a Latinoamérica. Entre os aspectos que máis lles impresionaron dos países de destino, o máis nomeado foi a abundancia de traballo e o nivel de vida en comparación coa Galicia de mediados do S.XX., a inmensidade das grandes cidades latinoamericanas tales como Caracas e Bos Aires, e en terceiro lugar, ver as persoas de color. Cabe destacar a impresión de Josefa V. cando recorda a primeira vez que viu a unha persoa de color.

En canto á situación sociolaboral nos países de destino, hai que destacar que os primeiros anos eran os de peores condicións e menores salarios. Os primeiros empregos gardaban na maior parte dos casos, moita relación co traballo que desempeñaban en Galicia. O primeiro emprego das mulleres no país de destino soía estar relacionado co servizo doméstico ou a costura, empregándose en casas particulares e en empresas de confección. Os homes traballaban de albaneis, carpinteiros, e tamén de empregados no servizo doméstico. A medida que ían adaptándose, accedían a postos de traballo mellor remunerados, e se conseguían aforran algún diñeiro aventurábanse a abrir o seu propio negocio ou a crear a súa propia empresa, ben con titularidade propia ou en sociedade. Dos sete casos entrevistados no Concello de Antas que emigraron a Latinoamérica, chegaron a crear a súa propia empresa e traballar por conta propia cinco deles, é dicir, máis do setenta por cento dos casos entrevistados.

Un aspecto moi importante en relación cos movementos migratorios, son as segundas xeracións. Na emigración cara América Latina, a maior parte dos emigrantes tiveron fillos unha vez asentados no país de destino, e de telos antes de emigrar, esperaban a conseguir unha posición económica estable no país de destino para poder levalos con eles. Os fillos de emigrantes fixeron que moitos destes decidiran atrasar ata o último momento o retorno a Galicia, incluso seguen tendo certo contacto co país de destino debido a presenza dos fillos nel.

Na emigración a Latinoamérica, debido á longa estadía nos países de destino e a incerteza á hora de retornar a Galicia, os emigrantes fixeron numerosos investimentos, dende mercar vivenda ate crear a súa propia empresa. Dos sete casos entrevistados, soamente un deles non fixo investimento algún debido á súa curta estadía e a pretensión inicial de non estar moitos anos fóra da terra natal. Nos seis casos restantes, os investimentos foron cuantiosos e cando decidiron retornar a Galicia, venderon todas as súas pertenzas e trasladaron os seus aforros á súa terra natal, investindo en bens inmobles e negocios (ver figura 5).

Debido á relevancia dos investimentos feitos polos emigrantes nos países de destino, pódese afirmar que algún destes emigrantes chegou a acadar unha boa posición económica. Un caso destacado é o de Delfín V. M. Este emigrante traballou de albanel os primeiros anos de estadía en Venezuela. Cando conseguiu algúns aforros aventurouse a coller o traspaso de varios hoteis nos que traballou e rexentou mentres estivo emigrado. Un dos máis grades tiña noventa habitacións, o cal mostra o volume de clientes e diñeiro que manexaba.

Na entrevista a María S. e o seu esposo, puiden comprobar tamén a considerable cantidade de investimentos que fixeran no país de destino. Ó terceiro ano de emigrar a Bos Aires, mercaron a súa propia vivenda. A medida que ían aforrando ían investindo mercando apartamentos. Chegaron a posuír cinco apartamentos na parte norte da cidade, dedicados ó aluguer, e cos beneficios seguían investindo. Este proceso truncouse a finais dos anos setenta cando viron que a economía do país comezaba a decaer. Decidiron vender todas as súas pertenzas e regresar a Galicia con todo o que aforraran.

Citar como un exemplo destacado a entrevista a Alfredo V. que, a pesar de estar só sete anos en Venezuela, aforrou capital suficiente como para ó retornar a Galicia, construír a súa vivenda, varios edificios para alugar e vender os pisos, e mercar varios solares, todo na vila de Antas. Na entrevista a María S., ó retornar a Galicia, construíron a súa casa, abriron un supermercado no que traballaron ata que se xubiláron, e mercaron un total de trinta solares na


vila de Antas. Con estes datos podémosos facer unha idea do volume de capital aforrado polos emigrantes en países latinoamericanos, e o que supuxo ese capital no desenvolvemento económico da vila de Antas co seu retorno.

Os investimentos dos emigrantes galegos en países latinoamericanos foron moi importantes, dende mercar a súa vivenda, investir en ben inmobles (pisos ou apartamentos para o alugueiro), e crear as súas propias empresas. Todo este capital investido foi recuperado na medida do posible e trouxérono con eles cando decidiron regresar a Galicia definitivamente.

Figura 5: Localización das edificacións na vila de Antas levadas a cabo por emigrantes retornados de América Latina.

Antas de Ulla. Núcleo urbano, 2000

A influencia do capital da emigración a Latinoamérica no urbanismo



Fonte: Elaboración propia a partir de fontes orais, foto aérea e cartografía 1:2.000

Nesta figura están representadas as edificacións propiedade dos emigrantes retornados procedentes de Latinoamérica. En varios casos nos que o retorno se produce en idade laboral, invisten o capital aforrado construíndo a súa vivenda e abrindo na planta baixa un local comercial. No caso de estar xa xubilados, constrúen unha vivenda unifamiliar ou mercan pisos en edificacións colectivas.

7. A emigración cara países europeos.

A partir da década de 1960, os destinos europeos e tamén peninsulares comezan a substituír ós americanos debido á oferta de emprego na Europa industrializada. Os principais destinos europeos foron Suíza, Alemania, Francia e Gran Bretaña. A diferenza da emigración cara países europeos con relación á Latinoamericana, está en que a europea tivo un carácter máis temporal e cun maior índice de retorno. Os traballos desempeñados tamén van a variar, nos países europeos están relacionados co sector secundario (industria fabril e construción) en postos de media e baixa cualificación.

Na década dos oitenta prodúcese unha inversión das correntes emigratorias en Galicia, nun principio produciuse unha forte diminución das correntes emigratorias que foi dando paso a outra de retorno. Pódense establecer tres tipos de emigrantes retornados, os que tiñan o retorno previsto, os que retornan forzosamente e os retornados inadaptados (Álvarez Silvar, 1997). Esta corrente de retorno que se ven producindo con máis intensidade dende a década de 1980, tivo e segue a ter na actualidade fortes pegadas nas distintas vilas e cidades galegas, ben sexa dende o punto de vista social, económico ou urbanístico.

Dos cincuenta casos entrevistados no Concello de Antas a emigrantes retornados, vinte e cinco deles fixérono para distintos países europeos. No caso concreto do Concello de Antas, e tendo en conta a mostra recollida, foron cinco os países elixidos como destino emigratorio, Francia, Bélxica, Suíza, Alemania e o Reino Unido. Pero non tiveron a mesma importancia no que se refire ó número de emigrantes acollidos, o Reino Unido, Suíza e Francia foron os de maior representación. Dos vinte e cinco casos entrevistados, nove deles elixiron o Reino Unido como país de destino, sete emigraron a Suíza, seis a Francia, dous a Alemania e un a Bélxica. Con estes datos podemos intuír que os principais países de destino europeos para o caso concreto do Concello de Antas, foron o Reino Unido, Suíza e Francia.

A duración do período emigratorio varía segundo os países, aínda que foi menor que para os galegos que elixiron países latinoamericanos como destino emigratorio. Dos cinco países que compoñen a mostra de entrevistas, o de maior duración foi Alemania cunha estancia media de 36,5 anos. É o caso de dous irmáns emigrados neste país a comezos dos anos sesenta. Un destes emigrantes foi Luis G. M. En Galicia traballaba para un taller de carpintería e por mediación dun amigo seu que xa emigrara a Alemania, informouno de que neste país había moito traballo e os salarios eran moito maiores que en Galicia. Luis, que xa estaba casado e cun fillo, non o dubidou e levou con el a súa familia. Non tiña previsto o

tempo que ía a estar en Alemania, sentiase satisfeito e as condicións de traballo eran boas. Visitaban Galicia tódolos anos no verán, e isto calmaba as súas ansias de regresar á súa terra natal. A pesar de que pensaron regresar a Galicia definitivamente en varias ocasións, Luis tiña o temor de non atopar emprego en Galicia en condicións similares ás de Alemania. Deste xeito foron aprazando o ansiado retorno ata que sumaron os trinta e seis anos de estancia no país de destino.

O outro caso é o de Alfredo Javier G. M. Este veciño de Antas emigrou por mediación de seu irmán. Alfredo en Galicia traballaba na casa de seus pais axudando nas tarefas do campo, e a maiores aprendeu o oficio de xastre. Logo de animalo o seu irmán, emigrou a Alemania estando solteiro. Traballou nunha empresa téxtil e ó cabo duns anos creou a súa propia empresa dedicada á confección. Do mesmo xeito co seu irmán Luis, visitaba Galicia tódolos anos e nunha das viaxes casou e levou con el á súa muller para Alemania. A súa longa estancia no país de destino debeuse a que estaba moi complacido neste país, tiña negocios e viaxaba a Galicia a ver a súa familia varias veces no ano. O seu retorno anticipouse segundo eles debido a problemas familiares, de non ser así aínda non terían regresado. De tódolos xeitos, este emigrante nado en Antas estivo trinta e sete anos en Alemania.

A excepción dos casos entrevistados cun período longo de estadía, que tiveron Alemania como país de destino, a emigración cara países europeos podemos clasificala de curta duración en relación á emigración cara países Latinoamericanos. O período medio de estancia no país de destino é de 8,6 anos para emigrantes con destino ó Reino Unido, 10 anos para os que emigraron a Bélxica, 10,5 para emigrantes cara Francia e 12,2 anos no caso de Suíza.

Pero a pesar disto, a duración media de estancia no país de destino enmascara moitas diferencias. No caso de emigrantes que elixiron como país de destino o Reino Unido, cabe citar as entrevistas de Manuel G. V., Hilda P. B. e Delia V. F. No primeiro caso, Manuel emigrou ó Reino Unido por mediación dun veciño seu do Concello de Antas, que axudaba a amañar os trámites para emigrar ó Reino Unido e conseguir un contrato de traballo. Manuel estaba casado e tiña un fillo, traballa nun bar e mercara preto del unha finca, pero non lle chegaban os cartos para pagala. Vendo a posibilidade de emigrar, deixaron o seu fillo cos avós e decidiron emigrar. Só estiveron no país de destino tres anos, o seu obxectivo era conseguir os cartos para pagar a finca que mercara, e cando os conseguiron decidiron regresar. A súa muller gustáballe o país e suxeríulle a posibilidade de levar con eles ó seu fillo e quedar máis tempo, pero Manolo non quixo.

No caso de Hilda, estivo só cinco anos no país de destino. Cando decidiron emigrar ela mais o seu marido, tiñan pensado estar máis tempo pero problemas familiares fixeron que se anticipase o seu retorno. Ademáis disto, tiveran unha nena que comezaba nese ano a etapa escolar e preferían que se formase xa dende o primeiro momento en España.

No caso oposto en relación á estadía no país de destino, Delia V. F. e o seu marido, veciños do Concello de Antas, emigraron ó Reino Unido a finais dos anos sesenta e estiveron dezasete no país de destino. Do mesmo xeito que nos casos anteriores, a idea inicial destes emigrantes era conseguir uns aforros para logo investilos en Galicia, e non sabían o tempo que ían estar no Reino Unido. Sentíronse moi a gusto e as condicións de traballo e salario melloraran notablemente logo dos dous primeiros anos, fixeran moitos amigos e foron aprazando o retorno a Galicia a pesar de deixar o seu fillo ó cargo dos avós.

A situación económica e social dos emigrantes antes de partir non difire dos que marcharon para Latinoamérica. No caso dos homes, traballaban nas labores do campo ou ben se dedicaban a profesións tales como carpinteiros, canteiros, albaneis ou xastres principalmente. No caso das mulleres, a maioría dedicábanse ás labores do fogar e a traballar na terra. Os ingresos que conseguía acadar un matrimonio con esta dedicación na Galicia de finais dos anos sesenta, eran moi reducidos e o traballo moi agotador. Esta situación obrigaba ós galegos a buscar novos destinos, coa ilusión de mellorar as súas condicións de vida.

O motivo da elección do país de destino, neste caso ó igual que o foi para os emigrantes con destino cara Latinoamérica, veu dado pola presenza de veciños ou familiares presentes no país de destino, que convenceron e axudaron a conseguir contratos de traballo e facilitar os trámites para poder entrar no país. Unha vez instalados, por norma xeral, o máis difícil de superar era o idioma e secundariamente a comida nos primeiros anos de estadía. O que máis botaban en falta de Galicia era a súa familia, especialmente nos casos que tiñan os fillos ó cargo dos avós. Na emigración cara países europeos, era algo moi habitual deixar ós fillos en Galicia xa que se querían traballar os dous membros do matrimonio e aforrar o máximo posible, non podían levarlos con eles. Isto fixo que en gran medida moitos dos emigrantes, adiantaran a data de retorno definitiva a Galicia. Dos vinte e cinco casos entrevistados que emigraron a países europeos a finais da década dos sesenta, en nove deles deixaron os seus fillos en Galicia ó cargo dos avós. Este foi un dos factores que condicionou a corta duración do período emigratorio neste tipo de emigrantes.

O que máis impresionou ós emigrantes do país de destino, foi a educación e amabilidade da xente, sobre todo no Reino Unido e en Francia. Outras respostas frecuentes están en relación ás principais cidades dos países de destino como París ou Londres, os emigrantes galegos quedaban abraiados ante a súa beleza e o seu tamaño; non é de estrañar pois a maioría dos emigrantes galegos proceden do medio rural ou ben de pequenas vilas, que nada teñen que ver coas principais urbes europeas.

A situación sociolaboral dos emigrantes non foi moi boa durante os primeiros anos de estadía. Nalgúns países os traballadores estaban obrigados a cumprir co contrato que asinaran dende España, co cal non tiñan posibilidade de optar a un emprego mellor ate vencer o período de cumprimento do mesmo. No caso do Reino Unido a entrada de traballadores estranxeiros antes da lei de 1971, regulábo a *Aliens Restrictor Act*, que poñía como requisito para a entrada no país, ter un permiso de traballo. Este duraba como máximo doce meses e ampliable, previa solicitude tres anos máis. Logo destes catro anos, o traballador xa podía solicitar a residencia definitiva e a liberdade laboral. Por este motivo as condicións sociolaborais nos primeiros anos de estadía eran menos favorables, pero que melloraban co paso do tempo.

Outro aspecto a ter moi en conta nos movementos migratorios, son as segundas xeracións. No caso de emigrantes con destino a países europeos, os fillos que deixaban ó cargo dos avós en Galicia, tiveron un papel moi importante á hora de que os seus pais tomasen a decisión de retornar definitivamente. Era frecuente que moitos matrimonios galegos decidisen emigrar logo de ter familia en Galicia, e como levar os seus fillos con eles lles era moito máis difícil se querían traballar os dous membros do matrimonio, deixábanos en Galicia para traballar e aforrar todo o que puidesen e así regresar o antes posible e estar cos fillos e o resto da familia.

Na mostra de cincuenta entrevistas recollidas no Concello de Antas, dos vinte e cinco casos que optaron por emigrar a países europeos, vinte deles tiveron fillos, ben nos respectivos países de destino, ou en Galicia antes de emigrar. De tratarse deste último caso, o retorno a Galicia soe ser prematuro e a estancia no país de destino curta. No caso de que os emigrantes tivesen os fillos no país de destino, o período de estancia aumenta considerablemente, con poucas probabilidades de que as segundas xeracións retornen cos seus pais. Estes a súa vez non perden o contacto total co seu país de destino debido á presenza nel dos seus fillos. Exemplos de casos no Concello de Antas son as entrevistas realizadas a Manuel C. e a Adolfo G.

Manuel C. emigrou a Suíza no ano 1982 por mediación dun amigo seu. Viaxaba a Galicia tódolos anos e no 1986 casou en Galicia e levou a súa muller con el. Manuel traballaba nunha imprenta e a súa muller de cociñeira nun hospital. No ano 1990 tiveron unha filla e decidiron deixala en Galicia cos avós para poder traballar os dous. Tres anos despois decidiron regresar a Galicia e investir os seus aforros na vila de Antas para poder estar coa súa filla. A decisión de levar os fillos ó país de destino é complicada pola propia situación dos emigrantes e pola presión por parte dos avós, máis partidarios de que regresen os pais que de levar os nenos ó país de destino.

Adolfo G. emigrou tamén a Suíza co obxectivo de gañar algúns cartos e rematar a casa que comezara a construír na parroquia de San Pedro de Frameáns, no Concello de Monterroso. Estivo tan só un ano, pois deixara en Galicia a súa muller e mais os seus tres fillos. Segundo el o máis importante non eran os cartos, senón estar cerca dos que máis quería. Son algúns exemplos nos que a familia e máis concretamente os fillos, influíron directamente no retorno definitivo a Galicia.

Na emigración a países europeos, os investimentos nos países de destino son practicamente nulos. Dos vinte e cinco casos entrevistados no Concello de Antas que escolleron países europeos como destino, tan só dous deles fixeron investimentos relevantes, é dicir, soamente o oito por cento dos entrevistados fixeron algún investimento de relevancia. Son os casos de Ramón G. emigrado ó Reino Unido, e o de Leonardo L. C., emigrado en Bélxica.

No primeiro caso, o factor que os levou a mercar a súa propia vivenda ó pouco de chegar ó Reino Unido foi o desexo unánime de permanecer no país de destino para sempre, sen ningunha intención de retornar a Galicia, alomenos en idade laboral. Non deixaran fillos en Galicia, co cal non tiñan as ansias por volver debido a este motivo. Cando tiveron os seus primeiros aforros decidiron mercar a súa propia vivenda. Segundo este matrimonio, aforraban de pagar o alugueiro e daban pousada e comida a outros emigrantes, co que conseguían ingresos a maiores do seu traballo. Foi o único investimento de relevancia que fixo este matrimonio. O seu retorno definitivo a Galicia debeuse a problemas familiares, os sogros de Ramón caeron enfermos e tiveron que regresar a Galicia para coidalos. De non ser así non regresarían.

No caso de Leonardo e a súa esposa, os investimentos que fixeron no país de destino foi o alugueiro dunha tenda de alimentación e posteriormente mercar a súa propia vivenda. O primeiro investimento veu dado debido a que era o seu medio de vida, decidiron alugar a

tenda de alimentación e rexentala eles mesmos. O negocio foilles moi ben e como os beneficios eran elevados e non tiñan previsto regresar a Galicia a medio prazo, decidiron mercar unha vivenda. O retorno definitivo a Galicia debeuse tamén a motivos persoais. Leonardo e a súa esposa, viaxaban a Galicia tódolos anos ó Concello de Antas durante as vacacións de verán. A Leonardo agobiábalo moito a cidade e fixo todo o posible para convencer a súa esposa, e regresar á vila de Antas e abrir alí un negocio, como así ocorreu.

No resto dos casos entrevistados, os investimentos nos respectivos países de destino foron nulos, todo o que conseguían aforrar, enviábalo e investíanlo en Galicia. Todo isto ben dado pola pretensión inicial dos emigrantes de retornar a Galicia o antes posible, unha vez que conseguían unha suma de diñeiro considerable para investir en Galicia e mellorar a súa calidade de vida (ver figura 6).

Hai que destacar que os investimentos no país de destino, non gardan relación algunha coa duración do período emigratorio, xa que varios emigrantes que estiveron máis de trinta anos no país de destino vivindo sempre de alugueiro, non chegaron a mercar vivenda propia. É o caso de Luis G. M., que estivo trinta e seis anos emigrado en Alemaña vivindo de alugueiro e non fixo investimento algún de relevancia no país de destino. Foi froito segundo este emigrante, da indecisión que tiñan á hora de regresar a Galicia de xeito definitivo, querían retornar pero temían ter dificultades á hora de encontrar emprego, co que foron pospoñendo o retorno ata a idade de xubilación. Outro caso destacado é o de Rubén José G., que estivo emigrado en Suíza vinteseis anos e tampouco fixo investimentos de relevancia, o que ía aforrando enviábalo e investíalo en Galicia.

Os investimentos de emigrantes galegos en países europeos foron moi pouco importantes en relación ós emigrantes con destino a Latinoamérica. Débese en gran medida ó propio perfil do emigrante europeo, con intención de estar pouco tempo no país de destino, conseguir algúns aforros e investilos en Galicia coa finalidade de mellorar o seu nivel de vida. No caso de habelos, unha vez tomada a decisión de regresar a Galicia definitivamente, venden todas as súas pertenzas nos países de destino.


Os investimentos en Galicia, están relacionados coa apertura de diversos negocios na vila de Antas, tales como cafeterías, tendas de alimentación, téxtil, e noutros casos optan por continuar coa actividade agrogandeira, mercando novas terras e maquinaria para modernizar e aumentar os beneficios das súas explotacións. Son moitos os casos do Concello de Antas que seguen este patrón. Fidel P. e a súa esposa, emigraron a Francia no ano 1968 e regresaron

nove anos despois, no 1977. O motivo do retorno foi debido a que tiñan un fillo en Galicia cos avós, e estes presionáronos para que non o levaran con eles. Deste xeito, decidiron regresar definitivamente e investir os seus aforros na vila de Antas. Mercaron unha casa e abriron unha tenda de alimentación na que traballaron ata que se xubiláron. A maiores, Fidel rexentaba na súa aldea natal unha pequena explotación agrícola.

Figura 6.: Localización das edificacións na vila de Antas levadas a cabo por emigrantes retornados de países europeos.

Antas de Ulla. Núcleo urbano, 2000

A influencia do capital da emigración a Europa no urbanismo



Fonte: Elaboración propia a partir de fontes orais, foto aérea e cartografía 1:2.000

Nesta figura represéntase a influencia da emigración de retorno procedente de Europa no urbanismo. Foron moitos os veciños deste concello que decidiron emigrar para conseguir mellorar a súas condicións sociais e económicas. A emigración galega a Europa, caracterizouse por ser de curta duración e a intención destes emigrantes era a de aforrar a maior cantidade de diñeiro no menor tempo posible, para logo investilo en Galicia. Os emigrantes retornados investiron o seu capital abrindo locais comerciais, negocios relacionados co sector da alimentación, a hostalería, téxtil, droguerías, e tamén construíndo ou mercando as súas propias vivendas.

O caso de Delia V. e o seu esposo foi moi similar. Emigraron ó Reino Unido no ano 1967 por mediación dun amigo e veciño seu. Delia traballaba de costureira e José nun taller de carpintería e non conseguían aforrar nada, tiñan que traballar moitas horas e os beneficios eran escasos. A pesar de deixar en Galicia ó seu fillo cos avós, estiveron no Reino Unido dezasete anos, estaban moi satisfeitos, tiñan un emprego ben remunerado e as condicións de traballo eran boas. Cando tiveron unha cantidade considerable de diñeiro aforrado, regresaron a Galicia e investírono facendo un pequeno edificio de planta baixa e dous andares, con intención de abrir un hotel mais unha cafetería, como así fixeron. Estes son exemplos de emigrantes que investiron os seus aforros na vila de Antas en distintos negocios.

Pero non todos os emigrantes investiron os seus aforros en vivendas, negocios, etc. no casco urbano da vila de Antas, senón que tamén o fixeron nas súas aldeas natais, ampliando e modernizando as explotacións agrogandeiras nas que traballaban antes de emigrar. É o caso de Roberto S. e máis a súa esposa. Antes de emigrar traballaban na explotación gandeira de seus pais, pero os beneficios eran poucos e as condicións de traballo moi duras. Por mediación dun amigo seu decidiron emigrar a Francia no ano 1972. Estiveron na cidade de París sete anos, ata que regresaron no 1979. Os motivos foron variados, os dous eran fillos únicos e os seus pais non querían que prolongasen máis a súa estada no país galo e a maiores, Mercedes (esposa), quedara embarazada. Deste xeito xa non podían aforrar tanto como antes, e debían de decidir quedarse en Francia por unha gran tempada ou regresar definitivamente a Galicia. Escolleron a segunda opción. Os seus aforros tomaron dúas direccións. Unha delas foi ampliar a súa explotación gandeira, construíndo unha nova estabulación e mercado terras e maquinaria. A outra foi mercar un piso na cidade da Coruña para dedicalo ó aluguer.

8. A emigración cara outras comunidades autónomas españolas. Os casos do País Vasco e Cataluña.

A partir de 1950 coa inxección económica por parte dos Estados Unidos, a economía española iniciou o seu contacto coa economía capitalista occidental, que estaba entrando nunha etapa de forte expansión. A industrialización experimentou un importante crecemento, nas cidades aumentou o número de postos de traballo e comezaron a producirse oleadas de inmigrantes procedentes das áreas rurais a instalarse nos barrios periféricos das grandes cidades. O crecemento económico transformou profundamente a estrutura do país, producíndose un importante desenvolvemento industrial e urbano, unha diminución do peso relativo do sector primario, e un aumento do nivel de vida medio do país.

Todos estes factores fixeron que as comunidades españolas máis desenvolvidas e cunha oferta de emprego maior, tivesen unha certa atracción para os galegos que ansiaban conseguir unhas condicións de vida mellores. Polo tanto, a partir de comezos dos anos sesenta, os destinos peninsulares competirán cos europeos, coa vantaxe da proximidade xeográfica e de evitar ter que saír do país.

No caso do Concello de Antas, detectouse un novo destino entre os emigrantes galegos ademáis do Continente Americano e os países europeos. Foron outras comunidades autónomas españolas das cales destacan o País Vasco e Cataluña. Das cincuenta entrevistas das que se compón a mostra, en dez dos casos elixiron como destino migratorio ben o País Vasco ou Cataluña, o que supón o 20% dos entrevistados. Non tiveron o mesmo peso no que se refire á acollida de emigrantes, sendo o País Vasco a comunidade con máis aceptación á hora de elixir o destino migratorio.

Se analizamos as datas de saída cara estas dúas comunidades autónomas, case tódolos casos se centran na década dos anos sesenta, coincidindo coas datas de saída dos galegos que emigraron para outros países europeos. Esta coincidencia cronolóxica, ten unha explicación lóxica e foron varios dos motivos que levaron ós galegos a escoller como destino ben países europeos ou ben as comunidades autónomas do Estado máis industrializadas (Cataluña, País Vasco, Madrid e Asturias).

Como se veu comprobando ó longo desta investigación, as redes informais de emigrantes, ben fosen veciños, amigos ou familiares, xogaron un papel moi importante á hora de elixir o país de destino. Dos dez casos entrevistados que emigraron ó País Vasco ou Cataluña, en seis deles foi por mediación directa de familiares, frecuentemente irmáns, e nos catro restantes foi por mediación de veciños e amigos xa emigrados. Con estes datos queda evidente a forte pegada da emigración nas familias galegas, sendo moi frecuente que moitos dos irmáns, ante a dificultade de sosterse en Galicia, se viran obrigados a emigrar, fose cal fose o destino.

Pero no caso que estamos a estudar, foron outros factores os que fixeron que os emigrantes se decantasen por un ou outro destino. Por un lado está a barreira da distancia, que tendo boas posibilidades de acadar unha mellor posición socioeconómica, os destinos peninsulares eran máis apetecibles. Esa proximidade física animaba máis os emigrantes, xa que podían viaxar á súa terra natal sempre que quixesen e o traballo llo permitise, sen un custo excesivo. Por outro lado, non tiñan que enfrontarse a un país distinto, con outra cultura

e un novo idioma. Dada a proximidade do seu destino, os emigrantes facían numerosos viaxes a Galicia, varias veces ó ano.

O período medio de estancia no caso destas dúas comunidades é moi elevado (incluso superior que os que emigraron para América Latina), situándose nos 30 anos no caso de Cataluña e nos 22 para o País Vasco. Parten con pretensións moi distintas que os que emigraron para os países europeos, neste caso a intención dos emigrantes é estar unha longa tempada, ata alcanzar a idade da xubilación ou mesmo nunca regresar de xeito definitivo. Os emigrantes séntense felices, viaxan a Galicia coa frecuencia que desexan, xa que a distancia non era un impedimento insalvable. Parten familias enteiras, pais e fillos, sen deixar estes ó cargo dos avós como ocorría nas migracións cara países europeos.

A este respecto, citar o caso de Dolores C. T. Esta emigrante natural do Concello de Antas e mais o seu marido, decidiron emigrar ó País Vasco, non tanto pola mala situación económica deles, senón máis ben pensando no futuro do seu fillo. Dolores comentábame na entrevista que a situación deles non era tan mala, xa que tiñan unha pequena explotación agrícola e o seu marido traballaba de carpinteiro. Pero o que máis lle preocupaba a este matrimonio era o porvir do seu fillo, o traballo no campo era moi duro e apenas daba para sobrevivir. Dolores tiña un irmán seu emigrado no País Vasco e contáballe que había moitas posibilidades de traballo e ben remunerado. Deste xeito, decidiron emigrar ó País Vasco coa intención de mercarlle un local ó seu fillo para que abrise un negocio. E así o fixeron, tras vinteseite anos de estancia, conseguiron aforrar para cumprir o seu obxectivo e algo máis. Na actualidade, viven na vila de Antas pero o seu fillo quedou no País Vasco aínda que visita a seus pais con frecuencia.

A permanencia dos emigrantes nos lugares de destino prolóngase na maioría dos casos ata a idade da xubilación. Na mostra recollida para esta investigación, no 80% dos casos entrevistados que elixiron o País Vasco ou Cataluña como destino emigratorio, retornaron definitivamente cando acadaron a idade da xubilación. Este dato mostra que os emigrantes están satisfeitos nos lugares de destino, tanto dende o punto de vista social como económico. A educación dos fillos tampouco foi un factor que fixese adiantar o retorno a Galicia, xa que non houbo un cambio de país. Nos destinos europeos, este factor contribuíu na decisión de retornar a Galicia definitivamente, os pais aproveitaban o cambio de ciclo na formación dos seus fillos para retornar a Galicia se conseguiran aforrar o suficiente para logo investilo nalgún negocio.

No referente ás condicións laborais nos destinos peninsulares, destaca a escasa mobilidade dende o primeiro momento, ó contrario do que sucedía tanto nos destinos americanos como europeos. Os empregos estaban relacionados en maior medida co sector industrial e a construción. A este respecto citar a entrevista de David S. P. Este veciño do Concello de Antas decidiu emigrar ó País Vasco a finais dos anos cincuenta. Nos trinta e seis anos que estivo emigrado, traballou sempre na mesma empresa, dedicada á fabricación de resortes. David estaba moi contento co seu emprego, o traballo non era demasiado duro e o salario era aceptable. Todas estas condicións non eran comparables ás que tiña antes en Galicia traballando nas terras. No seu tempo libre, David traballaba de perruqueiro, oficio que aprendera en Galicia antes de emigrar. Cando se xubilou decidiron regresar a Galicia definitivamente á vila de Antas.

Outro aspecto a ter en conta son as segundas xeracións. No caso das migracións cara Latinoamérica e Europa, a cuestión dos fillos era un factor moi importante á hora de tomar a decisión de retornar definitivamente a Galicia. No caso das migracións peninsulares, o peso desta decisión é moito menor, debido a que a diferenza cultural e a distancia física é menor.

Os investimentos dos emigrantes que elixiron como destino outras comunidades autónomas españolas, tales como o País Vasco e Cataluña (xa que son as únicas que teñen representación na mostra de entrevistas estudadas) foron moi importantes, se cabe maiores que os emigrantes que tiveron como destino países latinoamericanos. Os motivos polos que se deciden a investir son por un lado a proximidade xeográfica á súa terra natal e estar no mesmo país, e polo outro, a intención inicial por parte dos emigrantes de estar unha grande tempada no seu destino emigratorio, xa que ven unha boa perspectiva de futuro, tanto no aspecto laboral como económico. A importancia dos investimentos dos emigrantes nos seus destinos emigratorios queda xustificada cos seguintes datos; o 70% dos casos entrevistados fixeron un ou máis investimentos de relevancia, frecuentemente mercar a súa propia vivenda nos primeiros anos de estadía. Pero se temos en conta soamente os casos entrevistados que se dirixiron ó País Vasco esta cifra aumenta ata o 85%.

O principal investimento dos emigrantes galegos está orientado a mercar a vivenda, coa peculiaridade de facelo case de inmediato. Isto da mostra de que teñen intención de permanecer no país de destino unha longa tempada. Despois de varios anos, en función da capacidade de aforro dos emigrantes, é moi habitual que fagan máis investimentos de certa relevancia, como mercar un segundo piso con intención de alugalo ou ben algún local comercial para abrir un negocio. Dos casos entrevistados que se dirixiron para a Comunidade

Autónoma de Cataluña, ningún deles fixo un segundo investimento de importancia, pero os que o fixeron cara o País Vasco, este feito tivo certo peso, xa que case o 43% dos casos entrevistados fixeron un segundo investimento de importancia, tal como mercar un segundo piso ou un local comercial. Isto da mostra da capacidade de traballo e aforro que tiñan os galegos afincados nesta comunidade autónoma.

Un bo exemplo en relación cos investimentos dos emigrantes no destino emigratorio é o caso de Eladia P. e o seu marido José F. En Galicia tiñan unha explotación gandeira e José facía algúns ingresos a maiores traballando de ferreiro, pero a pesar de todo, co que gañaban apenas lles chegaba para subsistir. Tiveran dúas fillas e a comezos dos anos sesenta decidiron emigrar toda a familia ó País Vasco, xa que José tiña xa alí a unha irmá súa emigrada. Ó cabo dun ano fixeron o seu primeiro investimento de relevancia mercando o seu propio piso. José traballaba nunha fábrica de motores de combustión e Eladia axudaba nos ingresos familiares dando hospedaxe e comidas a traballadores no seu propio piso, e ó mesmo tempo facía as labores do fogar e coidaba as súas fillas. Ó cabo dalgúns anos, deixaron de dar comidas e hospedaxe e mercaron un segundo piso para dedicalo ó alugueiro. Foron polo tanto dous investimentos moi importantes, que entre os emigrantes galegos afincados no País Vasco era un feito moi habitual.

Pero a pesar dos numerosos investimentos que fixeron os emigrantes nas comunidades autónomas ás que emigraron, todo ese capital volve a Galicia case na súa totalidade unha vez que se produce o retorno. Neste tipo de migración así como na Latinoamericana e Europea, lévase a cabo un importante traslado de capital ó producirse o retorno pero no caso das migracións a outras comunidades autónomas, ese traslado de capital é moito maior. Os investimentos no destino foron moi importantes mentres durou o período emigratorio co cal o fluxo de capital para Galicia foi reducido, pero no momento de producirse o retorno, venden todas as súas pertenzas e trasladan todo ese capital a Galicia, co que se producen importantes transvases de capitais deste tipo de emigrantes. Este capital é investido en Galicia no seu propio concello natal (ver figura 7), mercando bens inmobles nas principais cidades galegas, e posiblemente o que lles queda depositano en diversas entidades bancarias. Este último aspecto non formou parte desta investigación, aínda que podemos arriscarnos a presumilo debido ó laborioso traballo de campo e contacto cos emigrantes retornados.

O retorno deste tipo de emigrantes prodúcese na maioría dos casos ó acadar a idade da xubilación, (concretamente o 80% dos emigrantes entrevistados) co cal os investimentos en Galicia soen ser a construción dunha vivenda unifamiliar ou ben mercar un piso na vila de

Antas. Pero non todos os investimentos quedan no concello de orixe, xa que prefiren investir nas principais cidades galegas con intención de alugalos.


Un exemplo deste tipo de investimentos témolo no caso de David S. P. e a súa esposa Manuela. Emigraron ó País Vasco a finais dos anos cincuenta e estiveron alí trinta e seis anos. Cando se xubilaron, decidiron regresar a Galicia definitivamente e venderon todas as súas pertenzas que tiñan nesta comunidade. En Galicia, os investimentos que fixeron foi mercar un solar na vila de Antas e construír nel unha casa. A maiores mercaron dous pisos, un na cidade de Lugo onde reside o seu fillo e outro na cidade de Vigo.

O fluxo de capital de emigrantes que elixiron como destino outras comunidades autónomas españolas, foi moi importante e concéntrase case na súa totalidade co retorno definitivo á súa vila natal.

Figura 7: Localización das edificacións na vila de Antas levadas a cabo por emigrantes retornados doutras comunidades autónomas españolas.

Antas de Ulla. Núcleo urbano, 2000

A influencia do capital da emigración
a outras CC.AA. españolas no urbanismo



Fonte: Elaboración propia a partir de fontes orais, foto aérea e cartografía 1:2.000

Nesta figura represéntase a influencia do capital da emigración de retorno procedente doutras comunidades autónomas españolas no urbanismo. Froito da análise das entrevistas e do traballo de campo, puiden comprobar que a maioría das edificacións promovidas por este tipo de emigrantes correspóndense con vivendas unifamiliares, tendo neste caso menos importancia o investimento en pisos de edificacións colectivas. Comezan a construción da súa vivenda estando aínda no destino emigratorio e mentres non se leva a cabo retorno habitana na época das vacacións na súa visita a Galicia. O investimento en locais comerciais é menor en comparación con outros destinos migratorios debido a que, neste caso, cando se produce o retorno definitivo os emigrantes xa acadaron a idade da xubilación.

9. O Fenómeno das multimigracións. Factores condicionantes, características e destinos implicados.

A pesar de que na elección do país de destino tiveron moita importancia o contexto histórico no que se produciron os movementos migratorios, e a situación económica e social dos países de destino, nalgúns casos, houbo máis dun destino migratorio debido a diversos factores que se explicarán a continuación. No estudio de casos que se levou a cabo a emigrantes retornados no Concello de Antas, detectouse que este tipo de migracións non foi residual, e tivo certa relevancia en relación cos demais destinos migratorios. Das cincuenta entrevistas que se realizaron no Concello de Antas, dezaseis estarían incluídas neste tipo de migracións, o cal supón o 32% da mostra total.

Para estudialas, baseime nos criterios anteriormente establecidos no que se refire ós destinos emigratorios, estaríamos polo tanto ante os emigrantes que se dirixiron cara Latinoamérica, os que o fixeron cara países europeos, e finalmente os que se decantaron por emigrar ás comunidades autónomas españolas máis desenvolvidas. Polo tanto, nas multimigracións estarían implicados varios dos destinos anteriores. O obxectivo que se pretende acadar neste tipo de migracións é descubrir cales foron os factores que levaron a cabo un novo destino migratorio, e o perfil social, económico e cultural deste tipo de emigrantes.

As combinacións que poden dar lugar son variadas pero as que se detectaron na análise das entrevistas realizadas no Concello de Antas son as seguintes: Europa-España, España-Latinoamérica, España-España, Latinoamérica-Latinoamérica. A principal motivación que levou ós emigrantes a cambiar de destino foron as cuestións económicas, estar ante a posibilidade de acceder a un mellor emprego, mellor remunerado e acceder a unha situación social mellor. Outro dos factores que influíu no cambio de destino foron os lazos familiares, coa proposición de estar cerca da terra natal ou ben compartir un mesmo destino emigratorio cando se trata de varios membros da mesma familia.

Un exemplo concreto de multimigracións na que están implicados como destinos migratorios países europeos e as comunidades españolas máis desenvolvidas, é a entrevista realizada a Luís A. P. Este emigrante nado no Concello de Antas, emigrou estando solteiro ó País Vasco xunto ós seus irmás para traballar na construción. Mercou o seu propio piso cando tiña algún diñeiro aforrado (seguindo as mesmas pautas que os demais emigrantes con destino ó País Vasco). Luís tiña tamén a unha irmá súa emigrada no Reino Unido e esta estaba

continuamente animándoo para que emigrara ó Reino Unido, xa que gañaría máis diñeiro cun emprego menos duro que na construción. Ó cabo de catro anos de estar no País Vasco, a irmán de Luís conseguíulle un contrato de traballo no sector da hostalería. Vendo as posibilidades de ter un emprego mellor remunerado e menos duro, decidiu emigrar ó Reino Unido. Nunha das súas viaxes a Galicia casou e levou á súa muller con el, para traballar tamén na hostalería. Cando pasaron seis anos, a muller de Luís quedou embarazada e decidiron regresar ó País Vasco de novo. Querían estar máis cerca da súa terra natal, e sobre todo que a súa filla se formara en España. No País Vasco Luís volveu a traballar no sector da construción durante seis anos máis, cando decidiron retornar a Galicia definitivamente por motivos familiares. Estiveron emigrados en total dezaoito anos. Foi por tanto, a proximidade á súa terra natal e estar no mesmo país, o factor que máis pesou á hora de quedarse nun determinado destino. Por outro lado séguense cumprindo as características da emigración con destino a países europeos, cun carácter temporal e transitorio; a finalidade dos emigrantes era aforrar o máximo posible para envialo para Galicia.

Nos casos entrevistados no Concello de Antas que tiveron como destinos emigratorios países Latinoamericanos e as comunidades autónomas españolas máis desenvolvidas, cabe citar os casos de Manuel G. B. e Manuela G. G. Manuel e a súa esposa tiveron como primeiro destino Brasil, onde estiveron emigrados dezasete anos. A súa intención era emigrar para Arxentina, xa que as condicións de emprego e económicas eran mellores, e Manuel tiña a un irmán emigrado neste país. Pero non o conseguiron, xa que as condicións de entrada de inmigrantes eran cada vez máis selectivas, co que decidiron emigrar a Brasil a mediados dos anos cincuenta. As condicións de traballo non eran moi boas, sobre todo ó principio, pero foron accedendo a empregos mellor remunerados ata que se sentiron satisfeitos no país. A comezos dos anos setenta, foron a visitar ó País Vasco a unha irmá de Manuel que estaba alí emigrada. Esta convenceunos de que quedasen en España, pois había bastante emprego e relativamente ben remunerado, e poderían estar xuntos e máis cerca da súa terra natal. Foi este o motivo decisivo que fixo que este matrimonio asentado en Brasil, emigrase de novo ó País Vasco. Cando acadaron a idade da xubilación decidiron retornar a Galicia, á vila de Antas.

Na entrevista a Manuela G. G., o motivo que fixo cambiar de destino foi o mesmo pero neste caso dende España a Latinoamérica. Manuela emigrara á cidade de Barcelona co seu marido. En Galicia traballaban nas labores do campo e o seu marido era xastre, pero apenas conseguían aforrar nada. A finais dos anos sesenta decidiron emigrar para a cidade de Barcelona. Estaban contentos e a súa adaptación fora moi doada. Manuela tiña emigrado en

Venezuela a dous irmáns seus, e estes convencerona para que emigrasen a Venezuela; as condicións económicas eran moi boas e conseguirían gañar moitos máis cartos con empregos mellores. Así foi, este matrimonio decidiu emigrar á cidade de Caracas, en Venezuela a comezos dos anos setenta. Estiveron neste país vinteseis anos, traballando nunha casa de hospedaxe que rexentaban eles mesmos. Tiveron fillos en Venezuela e por este motivo o seu retorno foi moito máis tardío que o dos seus irmáns. Finalmente, o que os fixo dar o paso foron problemas familiares en Galicia. Os fillos tiñan previsto retornar tamén xunto cos seus pais. A orixe deste tipo de multimigración entre España e Latinoamérica, para o caso de Antas, debeuse principalmente a vínculos familiares, sen descartar que puidesen influír algúns máis.

No caso das multimigracións entre dúas ou varias comunidades autónomas españolas, os factores que propiciaron a elección dun novo destino migratorio foi por un lado, os lazos familiares e polo outro, o factor económico. Como exemplo deste tipo de migracións, citar os casos de Jaime V. V. e Celsa V. L.

Jaime emigrou a mediados dos anos sesenta á cidade de Barcelona. Como a maioría dos seus veciños, en Galicia traballaba na terra cos seus pais e as perspectivas de futuro eran pouco alentadoras. Estivo nesta cidade dezasete anos, coñeceu en Barcelona á que hoxe é a súa muller, tamén galega, e tiveron dous fillos. Jaime tiña na cidade de Vigo emigrada a unha irmá súa e ían a visitala tódolos anos no verán. Esta animounos a que fosen xunto a ela para Vigo e así o fixeron a comezos dos anos oitenta. Estiveron na cidade de Vigo nove anos traballando nun bar que eles mesmo rexentaban. A comezos dos noventa deciden regresar á vila de Antas definitivamente. En total estiveron vinteseis anos emigrados.

O caso de Celsa foi diferente. Emigrou para Grado, en Asturias a comezos dos anos cincuenta, o motivo foi que en Galicia tiña poucas perspectivas de futuro e tiña alí a unha irmá súa emigrada. Traballou nunha casa particular coidando nenos e facendo limpeza. Logo, nunha das súas viaxes a Galicia casou e levou ó seu marido con ela para Asturias. Conta que as condicións de traballo en Asturias non eran nada boas e os salarios moi baixos. A mediados dos anos sesenta decidiron regresar a Galicia, xa que a empresa para a que traballaba tiña aquí tamén unha factoría. Pero seguían sen conseguir un emprego aceptable, tanto dende o punto de vista económico como laboral. O marido de Celsa tiña un irmán emigrado no País Vasco e por mediación del emigraron tamén eles para esta comunidade a principios dos anos setenta, mellorando substancialmente as súas condicións económicas e sociais. Retornaron

definitivamente a Galicia a mediados dos anos noventa logo de xubilarse por motivos de saúde. Os seus fillos quedaron no País Vasco e non teñen previsto regresar a Galicia.

Para rematar o estudio das multimigracións no caso concreto do Concello de Antas, están as que se levaron a cabo entre dous países latinoamericanos. Neste caso, as causas que propiciaron o cambio de destino foron fundamentalmente económicas. Os países implicados nas entrevistas analizadas foron Brasil e Venezuela. A este respecto cabe citar os casos de Josefa V. M. e José M. Q.

Nos dous casos, o seu destino prioritario era Venezuela, xa que eran moitos os galegos que estaban alí emigrados e situación económica deste país era boa. Pero as condicións de entrada no país eran cada vez máis difíciles co paso dos anos. Tanto no caso de Josefa como no de José emigraron para Brasil con intención de emigrar de novo para Venezuela. Brasil foi polo tanto, un país de tránsito entre os emigrantes galegos que querían instalarse ben en Venezuela ou en Arxentina, os dous países latinoamericanos con mellores perspectivas económicas nos anos cincuenta do S.XX. Estes dous emigrantes coas respectivos conxuxes, lograron entrar en Venezuela, non sen dificultades, se ben a estancia en Brasil foi de distinta duración. No caso de José estivo en Brasil oito anos e Josefa tan só dous. En Venezuela, a estadía foi moi longa, trinta e seis e vintecinco anos respectivamente.

A duración do período emigratorio neste tipo de migracións pode presupoñerse longo, ó estar implicados varios países de destino, se ben hai variacións considerables en función do destino elixido. No caso dos emigrantes retornados entrevistados no Concello de Antas incluídos neste tipo de migracións, a media de duración do período migratorio está moi preto dos trinta anos. Hai variacións considerables se están implicados nalgún dos destinos países europeos, xa que a duración do período emigratorio neste caso é curta. Os investimentos seguen as mesmas pautas que a dos países de destino onde se atopan, que xa foron descritas para cada destino migratorio.

O resultado do estudio das entrevistas no caso concreto do Concello de Antas, demostrou que o fenómeno das multimigracións non é illado e sen importancia, afectando en maior ou menor medida ós emigrantes galegos que tiveron que deixar a súa terra natal coa ilusión de conseguir unha posición económica e social mellor. Os factores que máis impulsaron este tipo de migracións foron os vínculos familiares noutros países, e a posibilidade de mellorar a súa situación económica.

10. Conclusións.

Os movementos migratorios dos galegos durante o S.XX, amosaron tres direccións fundamentais, América Latina, Europa e outras comunidades autónomas españolas. Dende principios de século e ata os anos trinta, a emigración cara América foi moi importante e verase freada seriamente coa crise de 1929. Non será ate finais da década dos anos corenta, coa sinatura de tratados con Arxentina e Venezuela, cando as correntes migratorias cara o Continente Americano volvan a cobrar certa importancia. Pero xa na década dos anos sesenta prodúcese o que sería o declive da emigración transoceánica, en favor da emigración cara países europeos debido á oferta de emprego na Europa industrializada. Parello á saída de emigrantes cara países europeos, tamén se producían cara as comunidades autónomas españolas máis desenvolvidas e cunha boa oferta de man de obra, sobre todo no sector industrial.

O Concello de Antas, seguindo a mesma dinámica que Galicia, viuse afectado dende comezos de século polo fenómeno da emigración. Houbo un tempo en que as causas da emigración non eran nídeas e buscáronse explicacións idealistas ou literarias como o “afán de aventura”. O atraso económico, o desequilibrio entre os recursos e a poboación, o ineficaz sistema de propiedade e explotación da terra, foron os que deron orixe ós movementos migratorios na Galicia do S.XX. O Concello de Antas seguiu esta mesma tendencia, se cabe con maior intensidade debido á gran dependencia da súa economía da explotación agropecuaria minifundista e traballo da terra.

Na presente investigación e froito da análise das entrevistas a emigrantes retornados no Concello de Antas, pudo establecerse o perfil tipo do emigrante, que amosa unhas características propias en función do destino migratorio elixido, se ben os motivos que os levaron a emigrar son na maioría dos casos comúns. O perfil do emigrante pertencente a este concello da Galicia interior, caracterízase por proceder do medio rural e traballar no campo, complementando os seus ingresos traballando a xornal, de canteiros, albaneis, carpinteiros, etc. No caso das mulleres a súa situación antes de partir non era mellor. Ademais de traballar nas tarefas do campo, tiñan que facer as do fogar, coidar dos fillos e ademais, era frecuente que se dedicasen á costura, xa que ó tempo que ían á escola aprendían a coser.

Cando toman a decisión de emigrar, en función do destino elixido, pode ser individual ou ben a familia ó completo. No caso da emigración cara América Latina, soe marchar un membro do matrimonio, busca un emprego e aforra algún diñeiro para pagar a pasaxe do seu cónxuxe e mais a dos seus fillos (de selo caso). De emigrar solteiros, casan ó pouco tempo por

poder e reclaman á súa parella. Esta é unha vía moi utilizada para entrar nos países de destino, sobre todo a Venezuela e Arxentina cando a mediados do S.XX comezan a poñer cada vez máis trabas á entrada de inmigrantes no país.

No caso da emigración a Europa, o máis frecuente de tratarse dun matrimonio, é emigrar os dous membros pero sen os fillos, xa que deste xeito as dificultades para traballar eran maiores e a cantidade de diñeiro a aforrar menor. A intención dos emigrantes con destino a países europeos, era aforrar o máximo diñeiro posible para logo regresar a Galicia, investilo construindo a súa propia vivenda, e abrindo algún negocio, en función do capital acumulado. Este tipo de emigración podémola clasificar de temporal. No caso de estar solteiros, soen casar en Galicia nunha das súas viaxes e levan consigo á súa parella para o país de destino. Os emigrantes que se dirixen a outras comunidades españolas, fano en familia e por un período de tempo moi longo, frecuentemente ata acadar a idade da xubilación. Chegado este punto, deciden retornar a Galicia e trasladar todo o capital investido ó seu concello natal ou capital urbana.

A elección do país de destino ven dada pola presenza de familiares ou amigos que lles informan da situación social e económica do país en cuestión, e anímanos a emigrar e a aspirar a mellorar social e economicamente. Foron moi importantes o papel que xogaron as redes informais de emigrantes no proceso migratorio galego. Os veciños que decidían emigrar informaban ben por correspondencia, ou ben nas súas viaxes a Galicia, das marabillas dos países nos que estaban emigrados.

A adaptación ó país de destino é máis dificultosa no caso dos emigrantes con destino a países europeos, teñen que enfrontarse a un idioma e costumes distintos. No caso de países Latinoamericanos, a dificultade máis nomeada é a adaptación ó clima e nos primeiros momentos, á comida. É nomeada frecuentemente a beleza e a inmensidade dalgunhas cidades tales como Bos Aires, Caracas, Londres ou París. A maioría dos emigrantes de Antas proceden do medio rural e quedan abraiados ó contemplar algunhas das maiores urbes do planeta.

A situación social e laboral dos emigrantes non varía tanto en función dos países de destino, senón do tempo transcorrido dende a súa chegada. Para cada un dos tres principais destinos emigratorios, os primeiros anos son os de maior dificultades, nos que as condicións laborais e salariais non eran boas. Son tamén nestes primeiros anos no país de destino, cando a mobilidade laboral era maior, precisamente na procura dun emprego mellor. Superados os primeiros anos, a adaptación consúmase e as condicións laborais melloran substancialmente. Os empregos nos países de destino son diversos, relacionados co sector servizos e industrial.

Os emigrantes con destino a Latinoamérica desempeñaron empregos relacionados co sector secundario, destacando a construción e os servizos, maioritariamente en empresas de limpeza. Estes empregos, foron mellorando nos casos en que os emigrantes, unha vez aforrados algúns cartos, decidían abrir o seu propio negocio ou crear a súa propia empresa. Nas entrevistas analizadas nesta investigación, foron varios os galegos que fixeron investimentos para crear as súas empresas, ben fosen téxtiles, carpinterías, ou abrir os seus propios negocios, tales como casas de hospedaxe e hoteis.

Os emigrantes que elixiron países europeos como destino emigratorio, tiveron na maioría dos casos empregos relacionados co sector servizos, en empresas de limpeza, hoteis e restaurantes. Tamén eran frecuentes os que optaban por traballar en empresas de construción. Neste tipo de emigración, non era frecuente que se fixesen investimentos, nin mercado vivenda nin aventurándose a crear a súa empresa como no caso dos que o fixeron a Latinoamérica. O motivo era que non tiñan previsto ter unha estada longa no país de destino, o seu obxectivo era aforrar unha cantidade suficiente de diñeiro para logo investilo en Galicia nalgún negocio do que poder vivir. En numerosos casos, deixaban os fillos en Galicia xunto cos avós para poder traballar os dous membros do matrimonio, co cal as ansias de regresar a Galicia medraban co paso dos anos.

No caso dos emigrantes con destino a outras comunidades españolas, os empregos foron variados. Os varóns traballaban en empresas relacionadas co sector industrial, e as mulleres facendo limpeza en casas particulares. O período emigratorio neste caso tamén é longo, co cal os emigrantes si que fixeron numerosos investimentos, non tanto para crear as súas propias empresas, senón máis ben en bens inmóbles (pisos para o alugueiro). Todos este capital investido no destino emigratorio é canalizado para Galicia cando se consuma o retorno, que soe ser na maioría dos casos cando se acada a idade da xubilación. Os galegos afincados noutras comunidades autónomas españolas, teñen unha vinculación moi forte con Galicia, fan viaxes con moita frecuencia e ó mesmo tempo encóntranse felices na cidade de destino.

A duración do período emigratorio e a frecuencia de visita a Galicia é variable en función do destino elixido, foi longa para o caso dos emigrantes que se dirixiron cara Latinoamérica debido a que estes xa tiñan unha idea inicial de estar un elevado número de anos emigrados e a súa frecuencia de visita a Galicia foi moi baixa debido á distancia e ó elevado custe da viaxe. Na emigración con destino ós países europeos máis industrializados esta situación mudou considerablemente. A duración do período emigratorio foi moito menor xa que a intención dos emigrantes, era a de conseguir un certo capital no menor tempo posible

para logo poder investilo en Galicia. Debido á maior proximidade xeográfica a frecuencia de visita a Galicia era elevada, incluso moitos emigrantes tiñan contratos por tempadas, pasando unha época do ano no país de destino e outra en Galicia. Os emigrantes que elixiron outras comunidades autónomas españolas, parten con pretensións moi distintas que os que o fixeron para os países europeos, neste caso a intención dos emigrantes é estar unha longa tempada, ata alcanzar a idade da xubilación ou mesmo nunca regresar de xeito definitivo; encóntanse satisfeitos e viaxan a Galicia coa frecuencia que desexan, xa que a distancia á que se atopaban non llelo impedía.

Os investimentos dos emigrantes de Antas en países latinoamericanos foron moi importantes, dende mercar a súa vivenda, investir en bens inmobles (pisos ou apartamentos para o alugueiro), e crear as súas propias empresas. Todo este capital investido foi recuperado na medida do posible e trouxérono con eles cando decidiron regresar a Galicia definitivamente. En relación ós investimentos dos emigrantes en países europeos foron moi pouco importantes en relación cos de Latinoamérica. Débese en gran medida ó propio perfil do emigrante europeo, con intención de estar pouco tempo no país de destino, conseguir algúns aforros e investilos en Galicia coa finalidade de mellorar o seu nivel de vida.

Os investimentos dos emigrantes que elixiron como destino outras comunidades autónomas españolas, tales como o País Vasco e Cataluña (xa que son as únicas que teñen representación na mostra de entrevistas estudadas), foron moi importantes, se cabe maiores que os emigrantes que tiveron como destino países latinoamericanos. Os motivos polos que se deciden a investir son por un lado, a proximidade xeográfica á súa terra natal e estar no mesmo país e polo outro, a intención inicial por parte dos emigrantes de pasar unha gran tempada no seu destino emigratorio, xa que ven unha boa perspectiva de futuro, tanto no aspecto laboral como económico. O seu principal investimento está orientado a mercar a vivenda, coa peculiaridade de facelo case de inmediato, dando mostra de que teñen intención de estar unha longa tempada. Logo de varios anos, en función da súa capacidade de aforro, é moi habitual que fagan máis investimentos de certa relevancia como mercar un segundo piso con intención de alugalo, ou ben algún local comercial para abrir un negocio.

Os investimentos dos emigrantes de Antas en Galicia foron moi cuantiosos, tendo unha importancia vital na dinámica económica deste concello. Pero o transvase do capital dos emigrantes non seguiu un ritmo homoxéneo, se ben foi variable en función do destino elixido. No caso dos emigrantes con destino a Latinoamérica, o fluxo de capital prodúcese case na súa totalidade cando se consuma o retorno debido a que mentres están no país de destino, teñen o capital en distintos investimentos como a súa vivenda, bens inmobles (pisos en alugueiro) ou

capitalizado nas súas propias empresas. Unha vez que deciden retornar ese capital é recuperado e investido en Galicia. Os investimentos de maior relevancia están en relación coa construción (vivenda unifamiliar) ou adquisición (piso en edificación colectiva) da súa propia vivenda, e de estar en idade laboral abrir o seu propio negocio na vila de Antas. En función do capital acumulado, tamén fan investimentos fóra do seu concello natal, mercando pisos con intención de alugalos nas principais cidades galegas.

O fluxo de capital dos emigrantes que tiveron como destino países europeos, foi constante mentres durou o período emigratorio, todo o capital aforrado enviábase para Galicia. Este feito garda relación coa pretensión que tiñan os emigrantes de acumular un determinado capital no menor tempo posible, e logo investilo dun xeito productivo en Galicia. Os investimentos están relacionados coa construción da súa propia vivenda, e a apertura de diversos negocios na vila de Antas, tales como cafeterías, tendas de alimentación e téxtil; noutros casos optan por continuar coa actividade agrogandeira, mercando novas terras e maquinaria para modernizar e aumentar os beneficios da explotación.

No caso de emigrantes con destino a outras comunidades autónomas españolas, o fluxo de capital prodúcese ó igual que no caso latinoamericano unha vez que se consuma o retorno, xa que os investimentos no destino foron tamén numerosos. O retorno deste tipo de emigrantes prodúcese na maioría dos casos ó acadar a idade da xubilación, co cal os investimentos en Galicia soen ser a construción dunha vivenda unifamiliar ou ben mercar un piso na vila de Antas. A parte destes, os investimentos non se limitan ó concello de orixe xa que prefiren investir nas principais cidades galegas mercando pisos con intención de alugalos.

A influencia do capital da emigración de retorno foi moi importante e tivo unha forte pegada tanto dende o punto de vista económico como urbanístico. O crecemento da vila de Antas na segunda metade do S.XX e especialmente dende os anos sesenta, non se pode explicar sen ter en conta a influencia do capital da emigración, xa que na maioría dos casos a residencia tralo retorno establécese na vila de Antas e non na aldea de onde proceden. Dende o punto de vista económico, na vila de Antas localizáronse e cartografáronse corenta e tres locais comerciais, relacionados co sector industrial e servizos. Case o 50% por cento dos mesmos están vinculados co capital dos emigrantes, e se temos en conta unicamente os establecementos relacionados co sector servizos, a proporción achégase ó 60%. Isto da mostra da importancia do capital da emigración de retorno tanto dende o punto de vista urbanístico como no desenvolvemento económico deste concello.

A cuestión dos fillos é un factor a ter moi en conta na decisión dos emigrantes á hora de programarse o retorno a Galicia definitivamente. No caso dos países Latinoamericanos, o

retorno dos fillos é pouco probable xa que nacen e fórmanse no país de destino e non teñen apenas vinculación con Galicia. No caso de que os proxenitores tomen a decisión de regresar, sempre manteñen un contacto co seu país de destino ó ter ós seus fillos nel, en ocasións pasan unha parte do ano no país de destino xunto ós fillos e outra en Galicia. Non se pode falar dun retorno definitivo, nin tampouco o fluxo de capital é completo.

No caso da emigración a Europa, o fluxo de capital é constante e os investimentos no país de destino son escasos. Neste tipo de emigración, é pouco probable que os emigrantes leven ós seus fillos con eles, xa que o seu obxectivo é aforrar o máximo posible para regresar a Galicia. De nacer no país de destino viaxan a Galicia para deixalos xunto ós avós e seguen aforrando para poder facer investimentos productivos en Galicia. Nos casos en que os emigrantes permanecen no país de destino unha longa tempada e teñen fillos, a probabilidade de que estes retornen cos seus pais é moi baixa.

Os emigrantes que elixiron outras comunidades autónomas de España, están boa parte da súa vida na comunidade autónoma de destino, os fillos nacen e edúcanse alí e tamén, ó igual que no caso latinoamericano, é pouco probable o seu regreso a Galicia.

Como resumo final, dicir que a pegada dos movementos migratorios no Concello de Antas foi moi importante, tanto dende o punto de vista social, económico como urbanístico. Dende o punto de vista social, foron moitas as persoas as que abandonaron Galicia na procura dun futuro mellor, xente moza en idade de procrear que tiveron os seus fillos no país de destino e que na maioría dos casos nunca regresarán a terra natal dos seus proxenitores. Isto ocasiona un forte proceso de avellentamento demográfico que se fai máis acusado ó reducirse paulatinamente os índices de natalidade por mor de diversos factores, tales como o acceso da muller ó mercado laboral e a emancipación máis tardía dos xoves.

Resultarían moi interesantes e necesarias novas investigacións sobre a posibilidade de atraer ás segundas xeracións para Galicia, investindo o capital aforrado de forma productiva nas súas vilas de orixe e evitando na medida do posible o forte despoboamento rural. Da mesma maneira serían necesarias investigacións en profundidade a escala local sobre o capital acumulado dos emigrantes nas entidades financeiras e indagar sobre os seus efectos socioterritoriais e económicos de ser investidos nas pequenas vilas galegas de onde proceden.

11. Bibliografía.

ÁLVAREZ SILVAR, Gabriel. *La migración de retorno en Galicia (1970-1995)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997.

BEIRAS, Xosé Manuel. *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1972.

BERTRAND, Jean René. “La emigración gallega, ¿sistema original?”. En: *Semata*. N.11. [s.l.]: [s.n.], 2000. P. 439-455.

BERTRAND, Jean René. *A poboación de Galicia: estudos xeográficos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1992.

CAMPA MONTENEGRO, Ildfonso de la. “A emigración galega na América e Europa: estudio comparado” En: *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*. N. 1. [s.l.]: [s.n], 1989. P. 85-92.

CASTILLO CASTILLO, José. *La emigración española en la encrucijada: estudio empírico de la emigración de retorno*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas, 1980.

CASTRO GARCÍA, Óscar. “Arquitectura doméstica indiana en Galicia, los autores de los proyectos arquitectónicos”. En: *Galicia-Cuba, un patrimonio cultural de referencias y confluencias*. Sada: Edicións do Castro, 2000. P. 63-69.

CASTRO, Xavier. “Influencias americanas en Galicia”. En: *Encontros Galicia-América*. Santiago de Compostela: CIHUGA, 1992. P. 45-52.

DURÁN VILLA, Francisco Ramón. “Veintiseis años de emigración gallega a Europa, de estabilización a la integración en la C.E.E. (1959-1986).” En: *Simposio Internacional Otero Pedrayo e a Xeografía de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989. P. 181-192.

DURÁN VILLA, Francisco Ramón; HERNÁNDEZ BORGE, Julio (prol.). *La emigración gallega al Reino Unido*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia, 1985.

EIRAS ROEL, Antonio. *Aportaciones al estudio de la emigración gallega, un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo. “O 98 e os emigrantes galegos en Cuba, o anti-desastre”. En: *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos: un século de estudos galegos, Galicia fóra de Galicia: Universidad de La Habana, Facultad de Artes y Letras, Cátedra de Cultura Gallega, 17 a 21 de abril de 2000*. V. 2. Sada: Edicións do Castro, 2000. P. 589-609.

FERRÁS SEXTO, Carlos. *Cambio rural na Europa Atlántica: os casos de Irlanda e Galicia: 1970-1990*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996 a.

- FERRÁS SEXTO, Carlos. “Movements migratorios, cambio socioeconómico e desenvolvemento rexional en Galicia (1970-1990)”. En: *Estudios migratorios*. N.2. [s.l.]: [s.n.], 1996 b. P. 85-121.
- FERRÁS SEXTO, Carlos. “Desde Avión para Jalisco. Historia y perfil socioeconómico de la emigración gallega hacia México en la segunda mitad del siglo XX”. En: *Semata*. Nº 11. [s.l.]: [s.n.], 2000. P. 381-394.
- Fundación Fondo para la Investigación Económica y Social. *La emigración en la provincia de Orense*. Barcelona: Sotelo Blanco, 1984.
- GARCÍA BALLESTEROS, Aurora. *Métodos y técnicas cualitativas en geografía social*. Barcelona: Oikos Tau, 1998.
- GARCÍA DOMÍNGUEZ, María Teresa. “Un caso atípico no proceso migratorio galego: Perú como país de destino”. En: *Congreso Internacional de Estudios Galegos*. Sada: Edicións do Castro, 1999. P. 335-351.
- HERNÁNDEZ BORGE, Julio. “El retorno reciente de emigrantes españoles”. En: *Unión Geográfica Internacional*. Madrid: Comité Español de la Unión Geográfica Internacional, 2000. P. 125-137.
- HERNÁNDEZ BORGE, Julio. “Factores de atracción en los países de destino”. En: *Historia general de la emigración española a Iberoamérica*. Madrid: Quinto Centenario, 1992. P. 635-655.
- HERNÁNDEZ BORGE, Julio. “La crisis actual de la emigración gallega”. En: *Xornadas de Historia de Galicia y América, el papel de la emigración*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1990. P. 99-116.
- HERNÁNDEZ BORGE, Julio. “Las investigaciones sobre la emigración gallega a países europeos. En: *UNIVERSITAS: Homenaje a Antonio Eiras Roel*. V.2. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002. P. 307-319.
- HERNÁNDEZ BORGE, Julio; DURÁN VILLA, Francisco Ramón. *Guía bibliográfica de emigración galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1992.
- IZQUIERDO ESCRIBANO, Antonio (dir.); ÁLVAREZ SILVAR, Gabriel (dir.). *Políticas de retorno de emigrantes*. A Coruña: Universidade da Coruña, 1997.
- LOIS GONZÁLEZ, Rubén Camilo. *A ganadería na Ulloa: repercusións nas paisaxes agrarias*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1988.
- LÓPEZ ANDIÓN, Xosé Manuel. *Estructura y morfología agraria en la Terra Chá*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1979.
- MAGARIÑOS, Alfonso. “As remesas dos emigrantes galegos en América”. En: *Análise Empresarial*. N.28. [s.l.]: [s.n.], 1998. P. 77-90.

MARCHENA RODRÍGUEZ, Julia Concepción; MÉNDEZ FERNÁNDEZ, Ana Belén. “Análise dos emigrantes retornados na Comarca do Carballiño”. En: *Espacio e políticas sociais*. Alberto Saco Álvarez, [et al] (eds.). Vigo: Universidade de Vigo, 2000. P. 169-178.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. “La emigración: Galicia en el mundo”. En: *Freixanes, Víctor F. Galicia, una luz en el Atlántico*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001. P. 224-247.

PRECEDO LEDO, Andrés (dir.). *Comarca da Ulloa: plan de desenvolvemento comarcal de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.

RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé. *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.

RODRÍGUEZ GÓMEZ, Iván. “O retorno da emigración galega de Venezuela de 1948 ata a actualidade”. En: *Historia Nova VI e VII: contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, 1999. P. 339-352.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Román. “A emigración de retorno nas pequenas cidades galegas”. En: *Estudios Migratorios*. N. 5. [s.l.]: [s.n.], 1998. P. 29-52.

TORRES LUNA, María Pilar; PAZO LABRADOR, Alberto José. *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1994.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro. “Las dimensiones microsociales de la emigración gallega a América: las funciones de las redes sociais informais”. En: *ACERCA de las migraciones centroeuropeas y mediterráneas a Iberoamérica: aspectos sociais y culturais*. Oviedo: Universidad de Oviedo, 1995. P. 93-122.

VILLARES, Ramón. *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

DOCUMENTOS DE TRABAJO YA PUBLICADOS.

ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA

31. EMISSIONS PERMITS MARKETS AND DOMINANT FIRMS (Manel Antelo and Lluís Bru)
32. COMERCIO INTRAINDUSTRIAL EN BIENES QUE DIFIEREN EN CALIDAD AMBIENTAL. EFECTOS DE LA POLÍTICA AMBIENTAL Y DE LA POLÍTICA COMERCIAL (Dolores Riveiro García)
33. LA TASA DE CRECIMIENTO COMPATIBLE CON EL EQUILIBRIO EXTERNO Y LAS COMPONENTES DE LA DEMANDA INTERNA: UN TEST PARA LA ECONOMÍA ESPAÑOLA. (Belén Fernández Castro)
34. POLÍTICA ESTRATÉGICA DE EXPORTACIÓN EN PRESENCIA DE REGULACIÓN AMBIENTAL (Dolores Riveiro)
35. REGIONAL UNEMPLOYMENT IN SPAIN: DISPARITIES, BUSINESS CYCLE AND WAGE SETTING (Roberto Bande, Melchor Fernández e Victor Montuenga)
36. The Redistributive Role of Non-profit Organizations (Giovanni Cerulli)

ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA

19. THE EVOLUTION OF INSTITUTIONS AND STATE GOVERNING PUBLIC CHOICE IN THE SECOND HALF OF TWENTIETH-CENTURY SPAIN (Gonzalo Caballero Miguez)
20. A CALIDADE DE VIDA COMO FACTOR DE DESENVOLVEMENTO RURAL. UNHA APLICACIÓN Á COMARCA DO EUME. (Gonzalo Rodríguez Rodríguez)
21. CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA Y DESARROLLO DEL TURISMO EN LA "COSTA DA MORTE". (Begoña Besteiro Rodríguez)
22. OS SERVIZOS A EMPRESAS INTENSIVOS EN COÑECEMENTO NAS REXIÓNS PERIFÉRICAS: CRECEMENTO NUN CONTEXTO DE DEPENDENCIA EXTERNA? (Manuel González López)
23. O PAPEL DA EMPRESA PÚBLICA NA INNOVACIÓN: UNHA APROXIMACIÓN Á EXPERIENCIA ESPAÑOLA (Carmela Sánchez Carreira)

ÁREA DE HISTORIA

11. GALICIA NOS TEMPOS DE MEDO E FAME: AUTOARQUÍA, SOCIEDADE E MERCADO NEGRO NO PRIMEIRO FRANQUISMO, 1936-1959. (Raúl Soutelo Vázquez)
12. ORGANIZACIÓN E MOBILIZACIÓN DOS TRABALLADORES DURANTE O FRANQUISMO. A FOLGA XERAL DE VIGO DO ANO 1972. (Mario Domínguez Cabaleiro - José Gómez Alén - Pedro Lago Peñas - Víctor Santidrián Arias)
13. EN TORNO Ó EL DUAYENISMO: REFLEXIÓN SOBRE A POLÍTICA CLIENTELISTA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. 1856-1879. (Felipe Castro Pérez)
14. AS ESTADÍSTICAS PARA O ESTUDIO DA AGRICULTURA GALEGA NO PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX. ANÁLISE CRÍTICA. (David Soto Fernández)
15. INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NA AGRICULTURA GALEGA (Antom Santos - Pablo Jacobo Durán García - Antonio Miguez Macho)

ÁREA DE XEOGRAFÍA


15. A CALIDADE DE VIDA NA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. INTRODUCCIÓN Ó MARCO CONCEPTUAL E ANÁLISE DE CASO A PARTIR DOS INDICADORES DE EDUCACIÓN E VIVENDA. (Xosé Carlos Macía Arce)
16. APROXIMACIÓN AOS PROBLEMAS DE DELIMITACIÓN TERRITORIAL DUNHA DENOMINACIÓN DE ORIGEN: O EXEMPLO DA D.O. ARZÚA-ULLOA. (R. C. Lois González, Xosé A. Armesto López, Alfonso Ribas Álvarez e Xacobe Domínguez Pedreira)
17. LOS ESPACIOS VERDES URBANOS EN A CORUÑA. (Román Sanz Freire)
18. "TOWARDS A NEW MODEL FOR THE EVOLUTION OF TOURISM DESTINATIONS. THE EXAMPLE OF THE "UNIVERSAL'S PORT AVENTURA" IN SALOU, TARRAGONA." (Martin Scheer)
19. LAS FORMAS Y TIPOS DE GESTIÓN DE LAS COMPETENCIAS DE LOS GOBIERNOS LOCALES EN GALICIA: LA DINÁMICA DE LA GOBERNANZA Y EL MARCO DE LAS POLÍTICAS PÚBLICAS. (Guillermo Márquez Cruz)

XORNADAS DO IDEGA

3. AS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO A DEBATE (Santiago Lago Peñas, Rosa María Verdugo Matés)
4. INTERNET I EDUCACIÓN. I XORNADAS SINDUR (Carlos Ferrás Sexto)
5. RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS: A SUA PROBLEMÁTICA E A SUA GESTIÓN (Marcos Lodeiro Pose, Rosa María Verdugo Matés)
6. CINEMA E INMIGRACIÓN (Cineclube Compostela, Rosa María Verdugo Matés e Rubén C. Lois González)
7. NOVAS TECNOLOXÍAS E ECONOMÍA CULTURAL. II Xornadas SINDUR (Carlos Ferrás Sexto)

EDICIÓN ELECTRÓNICA

Tódolos documentos de traballo pódense descargar libremente da páxina web do instituto (<http://idegaweb.usc.es>)



Normas para os autores:

1. Os autores enviarán o seus traballos, por correo electrónico á dirección (idegadt@usc.es) en formato PDF ou WORD. O IDEGA poderá solicitar o documento en papel si o estima convinte.
2. Cada texto deberá ir precedido dunha páxina que conteña o título do traballo e o nome do autor(es), as súas filiacións, dirección, números de teléfono e fax e correo electrónico. Así mesmo se fará constar o autor de contacto no caso de varios autores. Os agradecementos e mencións a axudas financeiras se incluírán nesta páxina. En páxina aparte se incluírá un breve resumen do traballo na lingua na que estea escrito o traballo e outro en inglés dun máximo de 200 palabras, así como as palabras clave e a clasificación JEL.
3. A lista de referencias bibliográficas debe incluír soamente publicacións citadas no texto. As referencias irán o final do artigo baixo o epígrafe Bibliografía ordenadas alfabeticamente por autores y de acordo co seguinte orden: Apellido, inicial do Nome, Ano de Publicación entre parénteses e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano, Título do Artigo (entre aspás) ou Libro (cursiva), Nome da Revista (cursiva) en caso de artigo de revista, Lugar de Publicación en caso de libro, Editorial en caso de libro, Número da Revista e Páxinas.
4. As notas irán numeradas correlativamente incluíndose o seu contido a pe de páxina e a espacio sinxelo.
5. As referencias bibliográficas deberán facerse citando unicamente o apelido do autor(es) e entre parénteses o ano.
6. Os cadros, gráficos, etc. irán numerados correlativamente incluíndo o seu título e fontes.
7. O IDEGA confirmará por correo electrónico o autor de contacto a recepción de orixinais.
8. Os orixinais serán remitidos para a súa avaliación anónima. O informe de avaliación se enviará os autores que, xunto ca versión revisada, deberán contestar as suxerencias que se lles fixeran, incorporando unha carta de resposta o avaliador. Os editores, a vista dos informes dos avaliadores, resolverán sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados as sesións Científicas do Instituto.
9. Para calquera consulta ou aclaración sobre a situación dos orixinais os autores poden dirixirse o correo electrónico do punto 1.
10. No caso de publicar unha versión posterior do traballo en algunha revista científica, os autores comprométese a citar ben na bibliografía, ben na nota de agradecementos, que unha versión anterior publicouse como documento de traballo do IDEGA.

